Opinión Gallega

Año VIII - Nº 147 ★ Buenos Aires Enero de 1954 ★ Red.: Belgrano 2186

INTERES GENERAL
Concesión Nº 3321

O PROBLEMA DA LINGOA

por CASTELAO

O neno galego que vai á escola fala unha língoa diferente, pero semellante á do mestre: unha língoa que non é a dos libros nín a das cartas que se reciben na sua casa. O neno esfórzase en falar na língoa do mestre, que considera superior á que falan os seus país. O neno deprende a decir moitas cousas sen saber ben o que dí e sen comprender ben o siñificado das verbas que pronuncia. A interferencia das duas língoas rebaixa o desenrolo espritual do neno, porque non sabe falar na língoa do mestre e ten vergonza de falar na lingoa que mamou. O neno non é dono de ningunha lingoa, porque o idioma imposto non logrou matar o seu idioma natural; pero logrou degradálo. O neno perde a espresión espontánea do pensamento e sofre un complexo de inferioridade que nono abandoará mentras viva. O neno que sofre os efeitos do bilingoismo e non pasa pol-os grados superiores do enseño perde aquela orixinalidade verbal que conservan os analfabetos intelixentes. Resulta inferior a un analfabeto.

O neno coida que non se pode escrebir a língoa que fala e que somentes se escribe o castelán. O neno perde na escritura os poucos recursos de espresión que ainda conserva para falar. O neno deprende a escribir catro frases en castelán e con elas ten que amañarse. O neno galego, ainda dispois de chegar á edade adulta, endexamáis deixa nunha carta o cuño do seu caráiter e da sua personalidade. O resultado final é que a língoa imposta "non fecunda o campo das ideias" e que os galegos aldeáns van perdendo, pouco a pouco, os coñecimentos escolares. E dispois de saberen ler i escrebir, trócanse, moitas veces, en analfabetos.

Eu sei todo esto porque o esperimentei e porque foi comprobado noutros países semellantes ao noso. Eu tamén son fillo do povo e fun á escola sen entender ben a língoa do mestre, e tamén vin como tres compañeiros de fala castelán eran os máis adiantados, e non porque tiveran máis talento, según comprobei máis tarde, senón porque falaban a língoa do mestre. Qué neno galego non sofreu esta mágoa!

A nosa xenerosidade podía ser tan sublime que aturásemos o sistema nivelador do enseño, coma nos tempos máis recuados da monarquía borbónica; pero non ademitimos que a República democrática siga inzando a nosa Terra de mestres forasteiros, que descoñecen a fala dos menos que deben educar e instruir. Para que comprendades a fondura deste crime abonda que contemos unha anécdota:

Chega un mestre andaluz a unha escola galega. O mestre non entende a fala dos nenos, e os nenos non entenden a fala do mestre. O mestre dibuxa unha cunca no encerado e pergúntalle a un neno: —Como se yama lo que acabo de dibujá? O neno non contesta. Entón o mestre andaluz quer axudá-lo: —Te a, ta; seta a, sa... E o neno contesta: "Cunca". Entón o mestre, que non sabe o que dixo o rapaz, ceiba unha gargallada... Esta gargallada, de aparente inocuidade, é, non embargantes, un tiro que o neno recibe no centro máis nobre do seu esprito, unha ferida cicáis incurable.

Para que a escola galega sexa proveitosa non abonda con utilizar nos primeiros grados do enseño a língoa materna dos nenos; é mester —poño por caso— outra distribución das vacacións e dos horarios, axeitando as ordeanzas do curso á vida rural de Galiza. Pensade nas choivas e fríos do inverno, nos camiños aldeáns e nas distancias que os nenos percorren para chegaren á escola, mollados e aterecidos. Por outra banda é necesario crear escolas de formación campesiña, que diñifiquen a comunidade aldeán, fomentando o esprito comunal, inculcando o apego á terra nativa e creando a base dunha amplia cultura téinica e agraria. A escola rural debe ser diferente á escola vilega ou cibdadán. Para esto compre formar escolantes especializados, con destiño ás aldeas. Así evitaremos que as nosas escolas ruraes sexan lugares de tránsito para escolantes señoritas ou para mestres que se afogan nos climas labregos.

A escola única, inspirada en principios democráticos, non se pode trocar en axente igoalitario, que arrase os acidentes naturaes do esprito. Mirando ao intrés do neno, "a pedagoxía non pode ser niveladora", e, polo tanto, compre saber qué entenden os "mandóns" da instrución pública por "escola única". Escola unificada para lograr que todol-os hespañoes conquiran un minimum de coñecimentos para loitaren na vida e para trocárense en elementos úteis á coleitividade, está perfeitamente ben; pero escola única como sistema de política asimilista, para lograr unha cultura uniformada, matando as variedades culturaes —que é riqueza de todos—, esó é un xeito feixista. Eso nunca. Escola que non garantice a cultura de creación, escola que non utilice o idioma materno dos nenos, como xeito pedogóxico indiscutible, escola para Galiza igoal que para Castela, eso nunca. Ese sistema fire a nosa diñidade, porque somentes un povo salvaxe ten a obriga de deixarse asimilar, somentes un povo salvaxe pode ser esterminado. Os galegos debemos opornos a un sistema de educación que emprobece o esprito do noso povo e que tende á sua esterminación como elemento de cultura.

CASTELAO NO SEU ESPELLO E AMOR

por

RAMON OTERO PEDRAYO

Soio con medo, con respeito e con enteiro e serio amor podo falar de Castelao. Pedíndolle denantes perdón ca seguranza de ganalo pois non houbo home atal xeneroso, ca bondade do ermo que tripado por as abenzas e armentios sempre garda pra eles tenros verdes e anovadas torgueiras. Cecais somentes non houbera sido de abondo xeneroso Castelao pra atúrare ensaios e críteces sobor da sua personalidade. En grande intuitivo se non preocupou endexamáis nin de un comén de autodefinición. Tamén en grande intuitivo soupo, vivindoo, quén era e cál foi no mundo seu fito, traballo e deber. A conformidade do seu esprito non fói niu de lonxe inteleitoalista e, envolveito en circos inteleitoás, daba a impresión leda e surprendida do home que chegado ó cumio nun pulo e como sin traballo enxergara o adiantamento e rubida metódica en conscente dos máis. Dende logo sin bulra nin esdén en canto unha boa e sinxela intención brilaba en ollos ou en palabras, nos feitos e nos silencios. Castelao non amaba a Leonardo e gostaba con paixón e tino de Goya. Castelao atal pouco ibérico cecáis aduviñaba en Goya un fondo amor por o pobo español. Pro no seu sentimento e amor por o pobo galego fói Castelao moito máis aló de Goya.

Pra Castelao a soia, a enteira realidade e verdade foi o pobo galego labrego e mariñeiro, enxergado con ollos e amor, vivido con esprito románico si é que o románico siñificaba como sin dúbida siñificaba pra Castelao unha madureza, froito celmoso ou idade de ouro, proieutada na historia ou téndose de proieutar algún día. Os pazos e os castelos, o vivir luxoso, decadente, celmoso, que zuga os froitos e a beleza das campías era pra Castelao podremia, snobismo por o menos. Seu contrario niste pensar centroso da vida é Valle Inclán como dinantes a Pardo Bazán. Os "Pazos de Ulloa", a "Sonata de Otoño" son "a nativitate" antagónicos do xenio e ser de Castelao en pensamento, en teima, hastra na forma interior do ritmo e tempos mentales e literarios, é dicir, no nacer e ordearse da obra no esprito no intre anterior á primeira feitura e pel. O mesmo "Romance de lobos" non é traxedia do gosto de Castelao por enxergada dende un ángulo crásico con vivires arrincados e illados da urdime da Galiza, pra o noso Daniel, enteiro e sufrideiro ser. Todo o intelectoalismo, a crase meia, a fidalguía de pombeiro e alciprés eran pra Castelao deformacións de aquila fonda e soia verdade da Galiza labrega e mariñeira, solene, severa, sinxela, pura, perfeita síntese de cultura, endexamáis "ordinaria" nin rústica no senso da groseiría, sempre nova e gasalleira, clima de abondo pra todos os fitos do vivir, amada dende drento desque de neno tivo —estaba ós catorce anos Castelao, na Pampa, en "General Acha"— concienza de ela de lonxe o que faí medrar o amor.

Consideróuna esquencida, náufraga, crudelmente tratada, e impúxose o deber de erguela, promesa feita n-ises altares da adoulescencia, xuramento que crebado leva en sí pena e castigo de ialma perdida... Castelao fói demócrata por coidar na democracia o marco e fondo da aldea, e da cidade nutrida da aldea e exempro da campía. Quixera pra Galiza todos os adiantos que non trubaran o cerne espritoal mitolóxico e moderno do paisano, nin unha beleza considerada como forma do esprito galego. Teríanse de maquiar carradas de historia encobridora, de dereito, de falseiras costumes... E tiña de locir a Galiza disposta no concerto dos pobos como única, mestra e soia no acompasamento do vivir aldeán e mariñeiro, con terra de seu, ceibe e liberta, con xustiza de patrón antigo, con sereo e repoisado agromar das xeneracións, de zume de abondo pra alentaren en séculos creadores. Por iso Castelao fói en París, en Bós Aires, en Madrí, un fino inteleitoal e xusgou inteleitoalmente todo o mundo adoitando a frol de cada cultura, e soio pra Galiza gardóu sempre o amor maravillado. Pensaba magoala definíndoa, descobría nela unha perfeición e unha forza de espranza sin parexa, cada cousa miuda tiña pra íl, sendo cernemente galega, unha simbólica valencia. Endexamáis hai sátira dos paisanos, sí dos maus e falseiros paisanos, na obra de Daniel encarnizada contra treidores e déspotas con un senso antigo que xunta co castigo a risa como en petos de ánimas de gosto popular. Iste pobo galego ten en Castelao sen apórtalo, seu mestre. Il quixera ser o derradeiro. Amaba os cruceiros e as ermidas, os rueiros e os peiraos, descobría pra íl sua bondade, forza e curtesía, a xente dos agros e das mariñas. O artista da xinea de Goya e de Picasso proba por seu arte e vida a forza e ser do pobo por íl amado. Quixera ser o derradeiro dos galegos sentado de vello nun recanto do vivir da Nosa Terra. E laiábase de tal xeito e amaba atal fondamento ós cegos por a disfraza de non disfroitaren da beleza e dozura da Galiza. En cada cego de Castelao latexa o sofrimento de non poder enxergare as rías e os soutos. . Home de "élan" moderno en toda a parte, e soio na Galiza e no tocantes a ela de ritmo e devalar graves e relixiosos na sua grande piedade por os cegos e os desditados facíaos a todos galegos pra asín chegárese millor ó puzo das tebras e desgracias e teimar consoalas como de irmáns galegos

PEDRO CAMPOS COUCEIRO
Morreu Nesta Capital

Fonda e doorosa repercusión tivo no ámbeto da nosa coleitividade o pasamento do distinto membro da mesma, don Pedro Campos Couceiro, ocurrido no Sanatorio do Centro Gallego o día 10 de Xaneiro en curso, a edade de 33 anos.

Longa e proveitosa fói sua actuazón na coleitividade galega. Con exemprar adicación e rexa constancia, desenrolou sua laboura, sempre enfiada cara o servizo da sua benamada Galiza dun xeito nobre i eficás, especialmente nos aspeutos cultural e patriótico. Colaborando teimosamente en revistas e periódicos da coleitividade, propugnou pol-a eisaltación do idioma galego e pol-o espallamento da cultura galega; e dende a tribúa nas asambreas e altos púbricos defendeu con afervoamento patriótico os sagros dereitos de Galiza a ceibarse da opresión do centraismo hespañol. Tiña craro conceuto do nacionalismo galego e loitou sen descanso pol-o ideial republicán galeguista. Contaba no seu hestorial, coma timbre de ouma timbre de outo honor, o habere sido un dos protagonistas da programación da independencia de Galiza feita dende os balcóns do Axuntamento de Compostela no ano 1931 diante de grandeiro púbrico que a recibeu con longas ovacións, romántica aventura aquela que, de habere tido o apoio que se merescía por parte dos núcreos republicáns e orgaizacións obreiras, outra houbera sido a sorte da nosa patria.

No alto do enterro puxéronse ben de manifesto as simpatías e afeutos de que gozaba don Pedro Campos Couceiro.

A nome da Irmandade Galega, en cuias fileiras era figura destacada, e de cuio consello Consultivo era membro, falou en galego o presidente, Dr. Antón Fiz Fernández eisaltando elocuentemente suas eistraordinarias virtudes de patriota galego e espresando e fonda door que sua morte produxo entre os galeguistas.

Falou logo, a nome do Centro Gallego, cuio Consello de Apelaciós integraba o chorado morto, o vicepresidente, D. Daniel Calzado, sinalando sua meretoria aituación.

Pechou a serie de discursos o Segredario do Consello de Galiza, D. Antón Alonso Ríos, de cuia elocuente oración fúnebre ofercemos os seguintes treitos:

O Consello de Galiza intérprete fidele da Nación Galega, ten de chorare hoxe, mañán e decote, a perda do noso patriarca, don Pedro Campos Couceiro.

Don Pedro, como familiar e garimosamente lle chamábamos, era unha persoalidade ben singular, ben siñificativa, ben galega.

Nado na parroquia de Meabía, no Municipio de Montes; alí dende neno, afíxose a ollare a outiveza do Candán apuntando cara o ceio o seu curuto xa verdecente i-amarelo, xa branco asemellando belido dolme xeolóxico adobiado con un mantelo de neve. Os ríos Umía e Lérez, teñen tamén alí a sua nenez i-a sua mocedade, e, trас de gatearen latexando, conquiren pulo de rapaces pra balxar caras terras de beiramar, orquestando no se camiñan un himno de protestas e rebeldías. O Lérez i-o Umía levan o mensaxe da Terra galega ao mare galego. E aló, nas rías de Marín e Cambados, o noso mare escoita a vos profética do Candán. E o noso mare alporízase e sinte vergoña de deixarse amolecer no agarimoso colo da ría.

Don Pedro volta a Buenos Aires. A crara conceución da Nación Galega, do sere da Patria que remexe dentro dil, i-a fonda traxedia da sua negación, da sua escravitude e do seu abafamento, empurran a don Pedro Campos Couceiro a unha loita da que xa non se arredaría endexamáis.

Sin interrupción i-en forma simultánea aitúa don Pedro no Centro Gallego, na Federación de Sociedades Gallegas, na Orga, en varias entidás locaes, fai campaña periodística nos periódicos "El Despertar Gallego", "Galicia", "Umia y Lérez", i-en distintas revistas. Na Federación de Sociedades Gallegas chega a despeñar o posto máis outo, de Segredario Xeneral. Fai un viaxe a Galiza e toma parte na campaña autonomista e preside a programación do Estado Galego en Compostela. Volto a Buenos Aires incorporase de novo a as aitividás coleitivas, contribuie a fundación da Irmandade Galega, na que aitua sin interrupción, chegando a desempeñar os primeiros postos. Colabora nos periódicos "Nosa Terra" e "Opinión Gallega". E chega a sere a ademiración de todos pol-a sua constancia, firmeza e reititude. Don Pedro non falla nunca as xuntanzas; faga frío ou calor, forme ou non parte da xunta, don Pedro está decote presente pra traballar a prol da redención de Galiza e pra limpar de infamantes aldraxes o seu sagro nome.

De certo, é unha grande pena que quen tan fondo sinteu a Patría Galega e que tan barilmente loitou pol-a sua libertade, teña de cerrarlos ollos sin vela ceibe. Ben merescía don Pedro levar no seu esprito a garimosa dozura de ollar a unha Galiza sin cadeas no corpo e no esprito; ben merescía don Pedro ollar o voo da ialma nacional galega, recorrendo ceibe e por propio esforzo as rexións do esprito e da creación; ben merescía don Pedro ollala rispada do duro molde da cultura castelán que a ten apreixada e tenciona afogala. Máis xa que iso non lle foi doado, sírvalle de alivio e consolo a certeza de que, tarde máis tarde menos, a Nación Galega terá de ser un día ceibe, e, dise día pra diante, dona absoluta de seu corpo e de seu esprito. E que nos, os patriotas galegos, de país e filos e netos loitaremos sin acougo deica esgazar a camisa de forza do Estado Hespañol.

Nós nonos despedimos de don Pedro. Don Pedro seguirá decote connosco. Il estará nas nosas xuntanzas. Nós verémolo decote a nosa beira. O seu corpo apousámolo agora eiquí, entregado ao agarimo dista Terra arxentina, patria dos seus fillos, que choran a sua perda e sen sinten orgulosos de serén fillos dil, dista Terra que don Pedro tanto amou e que todos nós tanto queremos.

As afervoadas verbas do señor Alonso Ríos prouxeron fonda emozón nos ouvintes.

Non embargantes a hora e sere día de traballo, foi grandeira a comitiva que acompañou os restos de don Pedro Campos Couceiro até a bóveda no que repousan.

Dende istas columnas facemos chegar aos deudos de Don Pedro Campos Couceiro, a máis quente espresión da nosa pesadume.

MOCEDADES GALEGUISTAS
Brilante laboura

Queremos poñer de releve nistas páxinas a briante e eficace laboura que ven desenrolando o núcreo Mocedades Galeguistas, formado fai ben pouco tempo como filial da Irmandade Galega. As Mocedades Galeguistas istán integradas por xóvenes galegos e arxentinos de estirpe galega, rapaces e rapazas que veñen adicándose afervoadamente a eisaltar e espallar os vaores da galeguidade en loitar polos direitos y pola libertade da nazón galega. Compre destacar como exemprar, o feito emozoante de que os integrantes arxentinos, —antre os que se contan estudantes universitarios—, fixéronse unha obriga de honor o cultivaren a lingua de seus páis, falando en galego ocrrentemente. Entenden esí rendir o millor homenaxe a Galiza e servila eficasmente. ¡Manífeco exempro e leición que dan a tantos galegos nativos que teñen a menos o empregar o seu idioma!.

A brilante laboura que fan as Mocedades Galeguistas, constituie a nota de aitualidade da vida colectiva dos galegos de Buenos Aires. Ela lle ven conquerindo a simpatia e respeto da nosa coleitividade.

Con gran senso e certeira visión, as Mocedades Galeguistas conectaron coas Xuventudes Vasca e Catalán e baixo o sino de GALEUZCA xa realizaron en conxunto varios aitos que acadaron moito éisito.

Orgaizaron un Curso de Nazionalismo Galego que consistiú en tres conferencias: a primeira ditada por lo Dr. Ramón Valenzuela o 26 de novembro no Centro Betanzos e que versou sobor do teima: "Séntesis Histórica de Galiza", a segunda a cárrego do Sr. Benito Cupeiro o 3 de decembro, tamén no Centro Betanzos, en col de "Os probremas económicos Galegos"; e a terceira ditada polo Sr. Rodolfo Prada o 10 de decembro no Centro Orensano tratando "O Ideal Galeguista". Tudas isas conferencias foron escoitadas por moito púbrico.

Outro aito feito polas Mocedades Galeguistas foi o levado a cabo o domingo 3 de xaneiro diante do Panteón do Centro Gallego en homenaxe a Castelao por cumprirse o 4º aniversario da morte de tan ilustre Gueiro da Galeguidades. O aito se viú eistraordinariamente concurrido. Abriuse co Hino Galego polos Coros "Os Rumorosos" do Centro Betanzos, "Castelao" da Sociedad de Rianxo, "Brétemas e Raiolas" e "Rosalía de Castro", cantado en conxunto baixo a direición do mestre Calros López García. Seguiron unhas belidas verbas en galego pola señorita arxentina Adelina González Doval, ditas con moita espresividade, producindo fonda emozón nos ouvintes. Logo foi colocada unha fermosa ofrenda froral no sartego que garda os restos de Castelao.

Coma derradeira laboura das Mocedades Galeguistas temos de sinalar a pubricazón do primeiro número de seu órgao tiduado "Adiante", simpática folla chea de afervoado patriotismo galego, de valente espritu de loita e de crara doutriña galeguista. En "Adiante" latexan fortemente os anceos patrióticos da xuventude galega de conquerir a redenzón e a libertade de Galiza.

Nosas máis alcendidas felicitaciós as Mocedades Galeguistas.

EL CONSEJO DE GALICIA AGASAJO A DIRIGENTES DE LA COLECTIVIDAD

Siguiendo una práctica establecida por su ilustre fundador y Presidente el inmortal Castelao, ofreció el Consejo de Galicia un banquete a un núcleo de destacadas figuras de la colectividad gallega, como expresión de agradecimiento por la labor patriótica realizada durante el año 1953 desde los cargos directivos que desempeñan en nuestras principales entidades. El acto se llevó a cabo en uno de los salones del restaurant "La Cabaña" el 19 de diciembre por la noche.

Presidieron la mesa los miembros del Consejo de Galicia diputados D. Antonio Alonso Ríos y D. Elpidio Villaverde, acompañándolos en la cabecera D. José Rodríguez presidente del Centro Orensano, D. José B. Iglesias presidente del Centro Pontevedrés Dr. Antonio Fiz Fernández presidente de Irmandade Galega, D. Gerardo M. Díaz secretario General neral de la Federación de Sociedades Gallegas, D. José Casanova presidente del Centro Coruñés, D. Antonio Suárez do Pazo Presidente del Centro de Betanzos, D. Manuel Baño presidente del Centro Corcubión, D. Manuel Puente y D. Antonio Alonso Pérez presidente y tesorero, respectivamente, de la Comisión de Finanzas del Consejo de Galicia.

Entre los demás asistentes recordamos a los que siguen: Dr. Ramón Rey Baltar director de "A Nosa Terra", D. José Alfonso, presidente de la Agrupación "Galicia", D. Gervasio Paz Lestón director de la revista "Alborada", D. Rodolfo Prada director "Opinión Gallega", D. Claudio Fernández, D. Perfecto López, D. Antonio Santamarina presidente de Mocedades Galeguistas, Dr. Alfonso Díaz Trigo, D. José I. Rivadulla, D. José B. Abraira, D. Cándido A. González, D. Francisco Regueira, D. Edelmiro Peña, D. Antonio Rodríguez, D. Luis Guede, D. Antonio Díaz, D. Alfredo Baltar, D. Ramón D. Villar director de la revista "Lar", D. Cándido Rey, D. Miguel Pedreira, D. Avelino Díaz, D. Manuel Pazos, D. Segundo Pampillón, D. Federico Zamora, D. Manuel Ucha, Dr. Ramón Valenzuela, D. Benito Cupeiro, D. Manuel Foila, D. Moisés da Presa, etc., etc.

El acto transcurrió en medio de agradable camaradería y se caracterizó por el fervor patriótico gallego demostrado por todos los asistentes. A los postres se levantó a hablar el Secretario del Consejo de Galicia D. Antonio Alonso Ríos, quien en elocuentes palabras pronunciadas en gallego ofreció la cena, expresando asimismo la íntima satisfacción que sentía el Consejo de Galicia por la magnífica labor patriótica gallega, especialmente en el orden cultural, realizada por las entidades y publicaciones de la colectividad durante el año que estaba próximo a terminar y por la firme lealtad a la patria Galicia. Señaló la importantísima obra cultural y patriótica del Centro Gallego con sus Concursos literario y musical, sus ediciones de libros y las magníficas Jornadas Gallegas llevadas a cabo con motivo del Día de Galicia, y destacó también los actos patrióticos realizados por la Comisión Intersocietaria en las grandes fechas: Aniversario de la muerte de Castelao, Aniversario del Plebiscito del Estauto Gallego y Día de los Mártires Gallegos. Dedicó emocionadas palabras de recordación al Gueiro Castelao y exaltó el fervor y la lealtad con que la colectividad gallega sigue las enseñanzas que aquella ilustre figura sembró durante los años —los últimos de su preciosa existencia—, vividos en Buenos Aires. Analizó la triste situación de sometimiento que padece Galicia bajo el régimen falangista y exaltó la magnífica firmeza del espíritu del pueblo gallego que, pese a todo, sigue manteniendo el fuego sagrado de las esencias de la Patria Galicia, cuya libertad ha de ser lograda irremisiblemente. Terminó agradeciendo a todos los asistentes los esfuerzos que llevan realizados en favor de Galicia y auguró que el 1954 será otro año de abundantes frutos para la causa gallega. Las palabras del señor Alonso Ríos fueron calurosamente aplaudidas.

UN DRAMA LIRICO GALLEGO
Letra de Cabanillas y música de Maiztegui

Tomamos del diario "Informaciones" de Madrid del 16 de diciembre último, la siguiente nota que tanto interesará y alegrará en los ambientes de nuestra colectividad, donde tantas simpatías cuenta el maestro Isidro Maiztegui, ilustre director de la Coral "Terra Nosa" del Centro Orensano:

"Ayer, en el Centro Gallego de Madrid, el licenciado en Filosofía y Letras y en Derecho, don Antonio Lorenzo Sánchez, ofreció a un público muy selecto, las primicias de un gran drama lírico sobre la significación místico-sentimental de "Macías o Namorado". La letra (prosa y verso) es original del gran poeta Don Ramón Cabanillas y del señor Lorenzo Sánchez. La música del maestro argentino Isidro Maiztegui. La obra contiene muchos momentos de alta y a la vez popular poesía, y el coro crea siempre el ámbito adecuado. En ella se funden la historia biográfica de Macías la leyenda en torno a su vida, sus amores y su muerte, los propios versos del trovador y los productos de la fantasía de los autores de la obra, en la que también se incluye una inspirada cantata original del catedrático de la Universidad de Santiago y gran conocedor del alma gallega señor Otero Pedrayo. Presidieron el acto los señores Lobo Montero, Fernández Pousa y Gamallo Fierros, abriéndolo este último con una muy elogiosa semblanza del señor Lorenzo Sánchez, que al final fué muy felicitado y aplaudido. El servicio magnetofónico del tercer programa de Radio Nacional grabó las intervenciones para difundirlas en España y América."

DALTON "CAMISERIA"
Eugenio García
Av. San Martín 2336

CASA CELTA
SASTRERIA
José B. Abraira
FEDERICO LACROZE 4086

Sastrería "La Percha"
Pérez y Chantada
VENEZUELA 763 T. E. 34-3825

ARTES GRAFICAS
Luis Guede
T. E. 43 - 1224
LA GARZA 1278

Francisco Scuglia
Construcciones en General. — Pinturas y Obras Sanitarias
Dr. LUIS BELAUSTEGUI 4646
T. E. 67 - 4828

Gran Tintorería
VAZQUEZ
A sus órdenes
MAXIMA GARANTIA
Av. SAN JUAN 3202
esq. 24 de Noviembre
T. E. 45 - 4011
SE ATIENDEN PEDIDOS A DOMICILIO

GRAN GARAGE "ROMAY"
Manuel Casal
Lavalle 178 - T. E. 32-0036

Bazar "LA CAPITAL"
CASA IMPORTADORA
Lozas, Cristales, Regalos, artículos para Almacenes, Bares y Restaurantes
Magdalena, Casalderrey Hnos.
RIVADAVIA 378-88 T.E. 62-3095

AUTOS
CASAMIENTOS
SEPELIOS
INTERNACIONAL CIA.
SALTA esq. INDEPENDENCIA T. E. 38-1297 — RIVADAVIA 7602 T. E. 67-9995

Fué Conmemorado con Diversos Actos el 4º Aniversario del Fallecimiento de Castelao

A medida que pasa el tiempo, la gloriosa figura de nuestro Castelao se va agrandando y su recuerdo se intensifica más y más en el alma de los gallegos. La extraordinaria personalidad de tan fiel intérprete de su pueblo y ardoroso defensor de los derechos de Galicia, sigue rigiendo y orientando a la Galleguidad, con el ejemplo de su vida magnífica y con la luz de su doctrina reivindicadora. Tal es la influencia que emana de Castelao, que al conjuro de su nombre se está dando el milagro de hermanarse, en su honor y en su glorificación, todos los sectores de nuestra colectividad.

El 7 de Enero en curso, se cumplieron cuatro años de su paso a la inmortalidad. En cada aniversario de su muerte, la colectividad le ha rendido su homenaje de recordación y solidaridad. Pero en este 4o. aniversario los homenajes han alcanzado más amplitud y más viva expresión.

En la imposibilidad de hacer crónica adecuada de todos los actos realizados en homenaje a Castelao en este aniversario, hemos de limitarnos a dar sucinta noticia de los siguientes:

—

LAS MOCEDADES GALLEGUISTAS

Este núcleo juvenil, recientemente formado como filial de Irmandade Galega, integrado por mozas y mozos gallegos y argentinos hijos de gallegos, fué el que rindió el primer homenaje a Castelao en este año.

El acto se realizó el domingo 3 de Enero por la mañana frente al Panteón del Centro Gallego en el cual se encuentran depositados los restos de Castelao. Se cantó el Himno Gallego por una masa coral formada por los componentes de los Coros: "Os Rumorosos", "Castelao", Bretemas e Raiolas" e "Rosalía de Castro", bajo la dirección del maestro Carlos López García. Seguidamente la distinguida señorita argentina, profesora Adelina González Doval, pronunció en idioma gallego, empleando bellísimo léxico, una emotiva oración fúnebre a Castelao, de la cual entresacamos los siguientes párrafos:

'Castelao, irmán noso, o cumprirse un novo aniversario da tua morte, as Mocedades Galeguistas xunguense ó redor do teu xacigo pra che adicar un sinxelo e afervoado homaxe."

"Castelao, encarnazón de Galiza, guieiro noso: as verbas belidas xa foron ditas no teu lauvor por homes insines e a tua grandeira significanza non é mester notala, pois xa latexa fortemente nos peitos de todolos galegos. Emporiso, solo me compre oferescerche unhas floriñas a nome da muller galega que tí fixeche inmorrente ea nome das Mocedades Galeguistas que labouran a prol de Galiza, levando nos beizos o teu nome que ainda é bandeira de loita e xa coma un hino trunfal".

Bajo la honda emoción que produjeron las palabras de la señorita González Doval, la enorme concurrencia desfiló por delante del nicho de Castelao en el cual se había colocado la magnífica ofrenda floral de las Mocedades.

EN LA COMISION DE CULTURA DEL CENTRO GALLEGO

En la reunión plenaria que celebró esta Comisión el 13 de Enero se rindió un sencillo pero emotivo homenaje a Castelao.

Antes de entrar a tratar el Orden del Día, el secretario señor Abelardo Estévez, pronunció en gallego unas palabras de recuerdo y de exaltación de tan gran personalidad, con motivo de haberse cumplido el 4º Aniversario de su fallecimiento. Interpretó, asimismo, la satisfacción de la Comisión de Cultura por haber aprobado la Junta Directiva del Centro Gallego, la propuesta que le sometió de editar en varios volúmenes las obras completas de Castelao. Terminó pidiendo que los presentes se pusieran de pié y guardasen un minuto de silencio en respetuoso homenaje al gran patriota gallego, lo que así se hizo.

EN LA AUDICION "LA VOZ DE GALICIA"

Esta Audición radial que se trasmite por L. R. 9 Radio Antártida, dedicó un programa especial en homenaje a Castelao, el mismo día del Aniversario de su muerte, jueves 7 de Enero. Su director señor Fernando Iglesias recordó con emocionadas frases la figura del gran patriota gallego; y el presidente de las Mocedades Galeguistas, señor A. Santamarina pronunció un elocuente discurso exaltando la obra y la personalidad de Castelao.

CENTRO GALLEGO DE BUENOS AIRES

Las autoridades de nuestra máxima entidad social, rindieron homenaje a Castelao a nombre de los 95.000 asociados que la integran. El acto tuvo lugar en el Panteón Social de Chacarita, en la mañana del 7 de enero en curso. Asistieron: miembros del Consejo de Galicia, los componentes de la Junta Directiva, del Consejo de Apelaciones y de la Comisión de Cultura del Centro y gran cantidad de asociados. Un grupo de enfermeras del Sanatorio Social uniformadas, hizo guardia de honor.

El Vice-presidente, en ejercicio de la presidencia, Don Daniel Calzado, pronunció un sentido discurso, exaltando la figura de Castelao y señalando la alta significación que, por su acción de patriota y por su obra, tenía para Galicia, lo cual marcaba al Centro Gallego el deber de recordarlo y de rendirle su homenaje consistente en una ofrenda floral.

Después de las palabras del señor Calzado, la concurencia, precedida por las autoridades del Centro Gallego y el núcleo de enfermeras, se trasladó al nicho que guarda los restos del insigne Castelao y allí se le tributó el callado homenaje de los espíritus y corazones tocados de honda emoción.

—

Otro significativo homenaje ha rendido a Castelao el meritorio y prestigioso Centro Gallego de Buenos Aires. A propuesta de la Comisión de Cultura, la Junta Directiva, bajo la presidencia de Don Javier Vázquez Iglesias, acordó la publicación de las Obras Completas de Castelao, formando ello parte del plan de ediciones a realizarse en el bienio 1954-1955.

Tan trascendental acuerdo, ha sido recibido con general y viva satisfacción en el seno de la colectividad gallega, satisfacción que será compartida por las esferas culturales de Galicia y por el pueblo de nuestra patria que tiene a Castelao por "Guieiro" de sus aspiraciones íntimas y como símbolo de la Galicia eterna.

LA COMISION INTERSOCIETARIA

Le rindió su homenaje a Castelao en la noche del 7 de Enero, —fecha del aniversario de la muerte—, en el salón de actos del Centro Orensano. Dada la gran importancia que alcanzó este acto, damos aparte amplia crónica del mismo.

Como es sabido, la Comisión Intersocietaria está integrada por los Centros: Orensano, Pontevedrés, Coruñés, Betanzos, Corcubión y por la Irmandade Galega.

CENTRO LUCENSE

También esta importante sociedad conmemoró el 4º aniversario de la muerte de Castelao con un acto realizado en su sede central. Lo abrió con adecuadas y bien sentidas palabras Don Manuel Martínez Lamela. Seguidamente pronunció un conferencia sobre la personalidad y la obra de Castelao Don Antonio Mar.a Fernández.

CENTRO REPUBLICANO ESPAÑOL

Las autoridades del Centro Republicano Español quisieron, igualmente, rendir su homenaje a la preclara figura de Castelao, ilustre ex-ministro del Gobierno de la República Española en el exilio. Consistió el homenaje en la colocación de un retrato de Castelao en la galería de próceres españoles y argentinos que engalana su salón de actos. Ello tuvo lugar el sábado 9 de Enero, ante numerosa concurrencia.

Pronunciaron, con tal motivo, elocuentes discursos el Dr. Carlos P. Carranza a nombre dle Centro Republicano y el Dr. Ramón Rey Baltar a nombre de la colectividad gallega.

HOMENAJES PERIODISTICOS

La prensa bonaerense en general registró con emocionados comentarios el 4o. Aniversario de Castelao. Debemos destacar las especiales y amplias notas que le dedicaron los grandes diarios "La Prensa" y "La Nación".

También "España Republicana" y "Euzko Deya" recordaron a nuestro Castelao con calurosas notas. Por su parte "Galicia", órgano de la Federación de Sociedades Gallegas le dedicó un número especial. También la revista "Alborada" del Centro Corcubión rinde homenaje a Castelao con una magnífica poesía de su director D. Gervasio Paz Lestón.

LA COLECTIVIDAD GALLEGA DEDICARA UNA ESTATUA A CASTELAO

será eregida en el Centro Gallego

El 20 de Enero de este año, tuvo lugar en la Sala de Juntas del Centro Gallego de Buenos Aires, una reunión que bien puede calificarse de histórica. Bajo la presidencia del titular de dicho Centro, señor Javier Vázquez Iglesias, celebró Sesión Plenaria la Comisión Intersocietaria para Estatua a Castelao, comisión que se formó por iniciativa del Centro Gallego de Buenos Aires y que está integrada por las principales entidades gallegas del gran Buenos Aires, a saber:

Centro Gallego de Buenos Aires
Federación de Sociedades Gallegas.
Centro Gallego de Avellaneda.
Centro Coruñés
Centro Lucense
Centro Orensano.
Centro Pontevedrés.
Centro de Betanzos
Centro A. B. C. de Corcubión.
Casa de Galicia.
Hospital Gallego.
Irmandade Galega

En dicha sesión se tomó el acuerdo, por unanimidad y en firme, de llamar a Concurso a los escultores gallegos domiciliados en Galicia, para una estatua a Castelao, que debe ser hecha en piedra granito de cantera gallega. La estatua será eregida en el magno Salón de Columnas del gran Edificio del Centro Gallego de Buenos Aires. Se ha fijado como valor de la obra $ 120.000 m/n.

Se acordó, asimismo, constituir en Galicia una Comisión-Jurado que tendrá a su cuidado el convocar a los artistas y otorgar los Premios fijados. Dicha Comisión-Jurado estará formada por delegados de la Academia Gallega del Patronato de Rosalía de Castro y por tres personalidades gallegas que se designarán oportunamente.

Con honda satisfacción patriótica damos tan transcendental noticia que ya era esperada con vivo afán, desde hace meses, por nuestra colectividad. Ha sido este acuerdo, sin duda alguna, el más importante y elocuente de los muchos homenajes que se han rendido al glorioso Castelao en el 4º Aniversario de su paso a la inmortalidad.

Por primera vez, desde hace muchos años, se ha logrado una fraternal coincidencia de las entidades representativas de todos los sectores de la colectividad gallega, para la realización de una obra en común. Es ello, la mejor demostración de como el gran Castelao, con su extraordinaria obra, hecha a fuerza de genio y de sacrificios, supo interpretar fielmente el nobilísimo e insobornable fondo espiritual y el patriotismo de los gallegos en general.

Acadon gran éisito o homenaxe da Intersocietaria a CASTELAO

Ao se cumprir o 7 de xaneiro ppdo. o 4º Aniversario do pasamento a inmortalidade do esgrevio patriano e guieiro máximo da galeguidade, ALFONSO R. CASTELAO, a Comisión Intersocietaria de entidades galegas de Buenos Aires, a nome da coleitividade, rendeulle seu homaxe de lembranza.

Reaizóuse o mesmo no casal do Centro Orensano, Belgrano 2186 as 21,30 horas do devandito día.

A capacidade do salón estaba a cheo: homes, mulleres, rapaces novos volcaron alí isa noite as suas emocións, os seus sentimentos, a sua fe, e a sua inquebrantábel pormesa de manter sempre latexantes e-ergueitas as ambicións patrióticas do inmorrente CASTELAO.

A eistraordinaria moiteduме que n-ista vegada respostou coa sua presencia a iste aito, confirmou a certeza de que a semente do exempro e das leicións do Mestre está a froitificar en todol-os corazóns, con sentimentos e concencia d-unha auténtica e orgulosa persoalidade individual como galegos, fillos d-unha Patria con dereitos inalienabels de libertade.

Nas pirmeiras ringleiras testemuñaban a sua adhesión as Delegacións dos Goberno: Vasco e Catalán; unha nutrida representación das Xuventudes Nacionalistas Vasvas e Catalanas en xuntanza irmán coas nosas fortes e-aitivas Mocedades Galleguistas.

Achábanse, asemade, persentes, representacións das entidades da nosa coleitividade: Centro Orensán, Pontevedrés, Coruñés, Betanzos, A. B. C. de Corcubión, Irmandade Galega, Sanxenxo, Villamarín, Peroja, La Estrada, Salceda, Residentes de Vigo, Do Municipio de Porriño, Parroquias Unidas de Rianxo, Teo e Vedra, Rivadumia, Portas, Vincios, Carballo; eisí tamén das agrupacións "pro Centro Galego": "A Terra", "Celta", "Galicia", "Círculo de Santiago"; da Comisión de Prensa dos periódicos da Coleitividade: "A Nosa Terra" e "Opinión Galega"; revista: "Alborada"; das agrupacións artísticas: Coral "Terra Nosa", "Os Rumorosos", "Castelao" e "Rosalía Castro".

Recibíronse, además, afervoadas adhesións de moitas persoalidades de destacada siñificación repubricana, de Chile, Montevideo, Caracas, Nova York, México.

O altar simbólico da Patria estaba presentado con eistraordinario acerto: n-un prano superior a mañífica obra de CASTELAO "A derradeira leición do Mestre", evocando o sagrificio do protomártir galego Alexandre Bóveda, e máis adiante, presidindo, a figura de CASTELAO en estatua do escultor galego Anxel Alén.

Deuse comenzo ao aito coa interpretación do Hino Galego, coa moitedume posta de pe.

A seguido, o aitivo segredario da Comisión Organizadora, señor Fernando Iglesias fixo unha breve referencia ao siñificado e trascendencia do aito. E logo de ler as adhesións recibidas, presentóu ao pirmeiro orador, señor Cándido A. González, presidente da mesma.

O Sr. Cándido A. González comenzóu por facer unha síntesis das conquistas e ampritudes que vai conquerindo o sentimento galeguista nas concencias das xentes da nosa coleitividade proba mañifesta de que o "xenio patriótico de CASTELAO" vai rachando os neboeiros que envoltaban as realidades da nosa personalidade histórica e cultural como pobo d-unha nazón con direito as lexítimas reivindicacións d-unha libertade asoballada.

Alertóu contra dos que, adoecidos pol-a esgrevia persoalidade de CASTELAO, símbolo da nosa Galiza, garulan rabexantes por desintegrar a sua indivisibel persoalidad e grandeza, sea histórica e patriótica.

E finóu o orador facendo un rexo e baril desdén pol-os desleigados nemigos dos intereses da Patria Galega, pero facendo en troques un chamado a prevención contra dos "feirantes" do iedalismo patriótico que contemporizan, intrigan e feirean con esprito de servos e treidores.

Seguiu na tribúa, logo, o Sr. Manoel Pedreira, segredario da Irmandade Galega,

Fixo o Sr. Pedreira unha manífica eisposición da personalidade de Castelao, as cuias proiencions, —afirmóu — son de contornos universales.

O xenio de Castelao, eispresou este orador con crara intelixencia e lóxica de razons, soupo conquerir que as suas producción como DIBUXANTE e ARTISTA, como ESCRITOR de senso patriótico galego, fixeran d-il o primeiro cibdadan da nosa Patria, a auténtica i-esgrevia representación das inquedanzas, das arelas patrióticas do Povo Galego. E todo elo, argumentaba con moi acertado xeito, puña en evidencia os direitos reivindicatorios de Galicia, diante da Historia e da Humanidade. Pois anos

(Sigue páx. 4)

Teatro Gallego

En el Gran Splendid Actúa con Exito una Compañía de Arte Folklórico Gallego

Bajo la dirección del destacado y popular actor orensano Fernando Iglesias ("Tacholas"), debutó en el Teatro Grand Splendid de esta capital, el 22 de enero, una Compañía de Arte Folklórico Gallego con las obras "Estebo na Corredoira" de Xavier Prado Lameiro y "O Zoqueiro de Vilaboa" de Alfredo Nan de Allariz.

Ambas obras en gallego y de ambiente rural de nuestra tierra, son de argumentación y de trama sencillas, destinadas por sus autores a servir de solaz a la gente de nuestra tierra, a la par que de aguda y conveniente crítica, — y por ende de correctivo—, a personajillos locales, a modalidades impropias y a pintorescos tipos de emigrantes que, por desgracia, tanto abundan, — lo mismo allá que en nuestra colectividad de aquí—, quienes, pretendiendo haberse "esquecido" de su lengua natal, del rico y bello idioma gallego, consideran en su triste ignorancia que hablar en castellano les da más categoría..., sin advertir, los infelices, que lo que les da es hacer el más desplorable ridículo.

Es de admirar, y desde luego es satisfactorio, que, con obras tan simples, hechas para entre casa, y presentadas en ambiente cosmopolita, haya podido el Conjunto del gran "Tacholas" desempeñarse tan airosa y exitosamente, manteniéndose en el cartel de un teatro y una zona de categoría, atrayendo numeroso público, pese a la canícula que sufrimos y obteniendo magnífica crítica de los diarios argentinos, incluso de los más importantes como "La Prensa" y "La Nación" que reiteradamente se han ocupado del espectáculo en forma muy elogiosa.

Ello prueba, de una parte, la excelente predisposición que existe en Buenos Aires para ver teatro gallego, y de otra, la calidad de los intérpretes que, en general, y sin ser profesionales, se desempeñaron con maestría. Cabe destacar a Fernando Iglesias ("Tacholas"), que si bien su "vis" cómica y su dominio de la escena son ya proverbiales, al encarnar personajes, —como el cura de aldea—, tan dispares de los que habitualmente interpreta, lo hace con tal perfección que revela su jerarquía artística. Muy bien, igualmente, en sus respectivos roles Antonio Cubelas, Alfonso Costela y Lito López, pues lograron todos éllos elevar el nivel de las obras con su excelente actuación. De Lito López varil mozo argentino que vive incorporado al sentimiento y al arte gallegos, debemos decir que encarnó magníficamente el pintoresco personaje de "el americano". Plausible, también, el desempeño de Lola de Lorenzo y de Carmiña Moreno que demostraron poseer sensibilidad artística y condiciones para la escena. Finalmente merecen muy cálidos elogios las parejas de baile, especialmente la formada por Clotilde Iglesias y Arturo Picouto que bordaron magníficas muiñeiras y tambien Alfonso Costela quien, bailando, es siempre el gran Costela que se desenvuelve con el clásico donaire oresano. Secundaron con acierto los "Gaiteiros de Bandeira", bajo la dirección del maestro Muras.

Al aparecer el presente número, la Compañía de Arte Folklórico Gallego, habrá renovado su cartelera, poniendo en escena, en el mismo Teatro Gran Splendid, calle Santa Fe 1860, las obras "Por borrachines" de Varela Buján y "O. Sobriño" de Lito López y Lavni Echevarría.

CONSIDERACIONES AL MARGEN

El éxito, — tanto artístico como de público y por ende financiero—, obtenido por la Compañía de Fernando Iglesias, pone de relieve las grandes posibilidades que se le ofrecen al teatro gallego en el ambiente bonaerense.

La vocación artística y las excelentes facultades de los integrantes de tan meritorio conjunto, los habilita ampliamente para encarar la representación de las obras de alto tono con que cuenta, felizmente, el teatro gallego, con lo cual enaltecerían aún más nuestro arte en estierras. Pero para ello, es preciso brindarles colaboración adecuada. Ya es sabido, que la puesta en escena, en forma decorosa, de las buenas obras teatrales exige una financiación que está fuera de las posibilidades de tan animosos cultores del teatro gallego, quienes ya bien amplios sacrificios vienen haciendo para mantener el fuego sagrado.

A nuestras grandes entidades compete el prestarles, junto con el apoyo moral, la colaboración material que les permita hacer lo que éllos ansían como el que más: teatro gallego de alta jerarquía.

EN EL TEATRO ARGENTINO

En la noche del 14 de diciembre último, se presentó en este teatro un Compañía organizada por el autor orensano Faustino Blanco, ofreciendo la obra en tres actos, escrita por este autor, titulada "Así somos los gallegos".

Se trata de una comedia en la que el autor, llevado de su amor a la tierra nativa, busca enaltecer las virtudes ingénitas del pueblo gallego.

La obra y sus intérpretes tuvieron la simpatía y los aplausos del público asistente.

(Ven da páx. 3)

despois, cando o vandalismo do feixismo que amastragou as libertades da nosa Patria asolagaba en sangue e door a Humanidade, isas producciöns artísticas e literarias de Castelao tomaron caraiter universal en reproduccions que a Democracia espallou pol-os cinco continentes para denunciar ante o Mundo a barbarie do sistema feixista.

Fechou iste aito memorábel o Sr. Antón Alonso Ríos, segredario do Consello de Galiza.

Coa fogaxe e sinxela paixon patriótica n-il caraiterística, fixo unha afervoada semblanza da laboura de Castelao, e da influenza segura e certa de que isa Galiza que o xenio de Castelao presentía con venturoso porvir, ceiba e soberán como Patria dentro dos seus direitos históricos virá xurdindo pol-os houirizontes da Terra envolveitas nos lumes d-esas alboradas con xermolantes realidades de libertade.

O xenio e o esprito do noso inmorrente Castelao alenta e fortece dende a inmortalidade aos patriotas corazóns galegos.

Fo eisí como finou iste aito de lembranza e homaxe a Castelao, e no que a emoción da coleitividade galega deu testemuño, unha vegada máis do seu fondo sentimento galeguista.

S'EU FORA POETA!...

Por RAMON D. VILLAR

S'eu fora poeta d'esa rexedume
que teñen os bardos dos eidos galegos,
faceria un canto ca fonda queixume.
que dorme nas gorxaas dos mozos labregos.

Un canto que fora com'unha alborada,
saída dun peito cristián e ardente;
cal lábara sagra d'un alma abenllada
pol-a fe criadora dun povo inmorrente.

Canto que tivera dos galegos mares,
a voz impoñente que brua nas costas;
o fulxor do raio, que fende pinares,
i-o tremor do trono, qu'estala mas hortas.

Un canto saído d'as dóres da i-alma
cos berros saubaxes, dos tolos sin calma
cos berros saubaxes, da fame que brua.

Sería o meu canto un desbordamento
da paixón máis fonda que acogula o peito
d'ese povo santo, vexado e-maltreito.

Bós Aires-Xaneiro 1954.

FARAN UN FOLION AS MOCEDADES GALEGUISTAS

O sábado 20 de febreiro en curso, dende as 21.30 horas, terá logar nos belidos xardins do Club General Artigas, rua Navarro 2544 de ista capital, un estraordinario folión orgaizado pola Sub-Comisión de Festas das Mocedades Galeguistas.

Aituarán no festival a Coral "Brétemas e Raiolas", e Conxunto de Danzas do Centro de Betanzos, varias pareis de bailes e un conxunto de gaiteiros. Despois do folión, a xuventude adicarase a bailar.

O aito non se suspenderá por mal tempo, xa que se dispón de un amplo salón por si fora mester. As entradas pódense adequirir: Nos buffets do Centro Orensano, rua Belgrano 2186, e do Centro de Betanzos, rua México 1660.

O FIN HA SER

¡Desperta xa Galiza!... ¡a hora é chegada!...
Desperta xa, Terriña, do teu "sono de pedra"...
Escoita na ár os sons d'Alborada
Dende Lugo á Cruña, Ourens mais Pontevedra.

¡Ceiba xa, Terriña!... ¡ceiba mais desmeigada
Do meigallo de Castela!, que cal fose hedra,
Tivote, da yalma arredor, ben abafada...
¡Abala ti seu xugo!!... ¡érguete e medra!

Lembrate dos séculos que vivechc escrava
Levando encol das costas un bón fato de feles.
i-o tremor do trono, qu'estala nas hortas.
¡Xa no bebas mais lágoas!... ¡loita e sé brava!

¡Des'ouva ós castelans e alónxate d'eles!. .
Onde foches aldraxada martela mais crava,
E, mesmo che f'xeron ¡arríngalle as peles!
coa risa satanía da fame que brúa.

E.P.H.

Na Galiza, Xoneiro do MCMLIV

Canción de Exilio

Hace muchos meses ya, que recibí un envío grato y amargo, a la vez, porque el recuerdo de los que están al otro lado del Atlántico, encierra siempre estos sentimientos, íntimamente ligados: la sana LEDICIA de saberse recordado y la triste penetrante sensación de saudade que también nos llega hasta los huesos, a los que estamos aquí, en esta banda del mar.

La saudade, tan estudiada en estos últimos tiempos, desde todos los puntos de vista, encarada en el terreno filosófico, etno-biológico, bioquímico, incluso, no ha sido analizada en el aspecto ontológico, bajo cuyo prisma se encontraría, quizá, otra faceta sugestiva de ese sútil sentimiento: la que pudiera señalarlo como derivada de una estigmatización genética.

Pero para apartarnos de tecnicismo fuera de lugar y condenar esta idea de una manera plástica, mejor será recurrir a un elemento más emotvio y pedagógico que cualquier disquisición científica: la poesía. Y para ello, tengo que atreverme a estampar aquí, una de mis escasas producciones poéticas, guardada hasta ahora, en el arca vergonzante de todo neófito (yo no soy poeta más que por fraternidad, porque tengo dos hermanos que lo son). Dice así:

"¡Galego! Eu ben sei
da fondura infinda
da tua saudade...
Non nascemos, aínda,
e xa temos,
unha tristura lonxana
metida no sangue..."

Es breve la poesía, pero resulta gráfica para el caso. Condensa ésta mi teoría genética de la saudade. Porque no es un tópico literario que los gallegos, con rara unanimidad, se ven movidos, en algún momento de su vida, por esos dos poderosos y contradictorios resortes del ansia migratoria y del afán de retorno que la saudade les imprime. Y que esta sed de retorno se aviva hasta la hipersensibilidad, hasta el dolor físico, cuando la emigración, es consecuencia de un exílio involuntario, forzado e inacabable o, al menos, sin término asequible a la voluntad del que se fué. Parece que la seguridad de retorno que tiene el emigrante voluntario, ante un posible ataque agudo de saudade, amengua el sentimiento de ausencia.

'Fardel de eisilado" es el libro de Luis Seoane, que yo catalogo de envío grato y amargo a la vez. Porque encierra el más denso canto de angustiosa saudade que ha brotado del alma de un artista. Catorce poemas preñados de amargura, vibrantes de lejanía, amasados con el lévedo ácido de la distancia, de la ausencia, del recuerdo.

Es Luis Seoane, uno de nuestros recios pintores cuyas obras más destacadas, rezuman también —como sus poemas— la morriña del autor, humedeciendo el lienzo con una pátina bretemosa. Y al mismo tiempo, Seoane, es poeta, es literato. Con una literatura plástica, de volumen definido, sus versos tienen dimensión y hondura. Son concretos y gráficos, como el paisaje verde-gris que brota de sus pinceles. Así el que comienza:

"Ao pintar, lembran seus ollos,
ensemismados o ár gris de lonxana montaña"...
... ...
as boullosas verdes carballeiras, os ríos,
As lombas azures encostadas"...

Otras veces, la visión es más bravías y tiene acento viril, porque Galicia pierde, en ocasiones, su dulzura y yergue la inmensidad escarpada del Cebrero, para que la sepan indomable los que llegan de Castilla por las tierras llanas del Bierzo. O brama su protesta en la Costa de la Muerte. Y cambia, entonces, el color del lienzo:

'Dende o combés de terceira do Highland Princess,
vexo a túa costa, Galiza, as rochas sobervas
do bruante, aceirado, Finisterre"...

Esta ambivalente tensión anímica de Seoane, es común a muchos de nuestros pintores. Castelao, Maside, Torres, entre los contemporáneos, son otros tantos brillantes ejemplos:

Pintar, es decir muchas cosas en un lienzo. Es plasmar un mensaje poético, con el medio de expresión que el artista posee. Pero, a veces, cuando el artista alcanza calidades intelectuales altas, no puede encerrar en la mera expresión plástica, su acervo sensitivo. Y brota en él, con la misma facilidad creadora, dentro de su tónica sensible definida, un afán ecuménico que desborda del cauce limitado y concreto del cuadro, extrovertiéndose en el libro, como vehículo de su emoción.

En este caso de Seoane, la emoción hiriente de una saudade incontenible e incontenida, para decirnos con Unamuno: "Volveré con el cuerpo, porque con el alma sigo ahí".

Darío Alvarez Blázquez.
Vigo, octubre de 1953.

Homenaje al Dr. José Carlos Neira

Con todo entusiasmo se prepara un cálido homenaje al Dr. José Carlos Neira, consistente en un banquete que sus amigos e instituciones le ofrecerán con motivo de doctorarse en leyes con destacadas notas. Por otra parte, tiene (a pesar de su juventud) un hermoso historial dentro de la colectividad, pues acompañó a su señor padre, Dn. José Neira Vidal, en las luchas cívicas que la misma realiza periódicamente.

La secretaría donde se reciben adhesiones, y sugerencias, funcionará en Moreno 1949, T.E. 48-0773.

EN LEMBRANZA DE CASTELAO

Caricarura galega

Por Lois Carré

Que a eisistenza do feito diferencial encol do que tanto se leva porfiado non é unha finxidés, tense demostrado compridamente moitas veces, e precisamente froito de ese feito diferencial, son as variantes ben acusadas que podemos aportar dentro de unha corrente ideolóxica, n-unha escola ou tenda literaria, pictorica, etc.; e así como Murguía puido asinalar unha particularidade moi típica nos poetas románticos xenuinamente galegos: o sentimento, a vaguedá, o idealismo e a melanconía, que veñen sinalar o parentesco espritoal dos galegos cós outros pobos europeios ocidentás e nórdicos; e se na pintura, a escola galega inizada por Villaamil, no que toca ao costumbrismo ou pintura folclórica, reforzada por Dionisio Fierros, o pintor asturian que entroncou en Galiza, e na que sobresairon Ovidio Murguía e Román Navarro, levándoa ao cume Alvarez de Sotomayor, galego de adoución, e os seus seguidores, sitúase máis próisima dos irmás de raza, pol-a serenidá e pol-a entonazón, tanto como pol-a eleición de motivos, denantes que coas escolas contemporáneas de España; e no tocante da paisaxe, onde se apontaron diferentes tendenzas sen disonar as unhas das outras, pois aquelas, máis promañan da interpretazón, pol-a preferenza dos artistas na escolla da hora ou do momento, xa que namentres uns prefiren o facer de Llorens, que aparez atraguido pol-a prena lús estival, interpretando a maravilla as lonxanías envoltas na vaguedade por unha lene e ensoñadora gasa de prata, ese efeito tan da nosa terra, que levou a un crítico da corte, cheo de prexuizos con pouco ou ningún coñecemento da nosa paisaxe, a lle poñer a chata de creazón convencional do artista galego, especie que agora veñen repetindo certos críticos locaes dos que van buscar inspirazón e frases feitas nos diarios de Madride; outros, gostan máis da lús tamizada pol-a vizosa vexetazón, que chega en raioliñas brincadeiras ao fondo das congostras ou ao chan de sombrizos arboredos; e, hai tamén, quen prefire núllor que ningunha outra, a lús mortiza do inverno, e a limpa trasparenza do ár coa natureza húmeda, millor acusadora da gama poliçroma tan rica do noso campo dimpois da choiva; máis, sempre, uns e outros, coutan con marcada preferenza senón todos, algúns de aqueles sentementos emocionás que prestaran o seu caraiter peconial aos nosos poetas románticos: sentimento, vaguedade, melanconía...

E quén, que teña lido un pouco, —deixando a un canto a literatura de imaxinazón, por nos interesare máis ao noso ouxeto o xénero festivo—, non viu a diferenza de un Lois Taboada, que tan ben soubo coutal-o facheiro no vivir cotian da crase meia, creando un xénero onde loce por modo sobresainte o "humour" do noso pobo, tan diferente tamén da gracia meridional e de aquela baseada no xogo das verbas que tanto gosta na capital; e, quén non disfroitou do fino "humorisme" tan galego de Wenceslao Fernández Flórez, de Camba, e tantos outros, onde resprandece unha condizón xenial e moi enxebre, de ouservazón, misturada de un fondo filosófico e un moito de retranca, pra nos ofrecer con un aquel de eisanxero o aspeito grotesco dos aitos humans, tirando un efeito que de primeiro fainos rir, deixando logo a quen o sabe gostar senón cabiloso, cando menos un aquel amarguexo de acedumes; pois, de esas esenzas tan nosas que nos fan aparescer diferente cós outros pobos da península, nútrese como veremos a escola galega caricaturesca.

Ben sabido é, que toda a caricatura cando se non trata de representazón de unha persoa determiñada nun retrato grotesco, consta de duas partes: os "monos" (a imaxen) e o pé; sabido é, tamén, que algúns caricaturistas estreman o eisaxero risíbele das figuras, con unha marcada deformidade, ou escollendo tipos de seu bulresco; quén, inspírase no físico, quen, refrexa a deformidade moral, esto, craro é no tocante ao aspeito formal dos "monos", e respeitive do pé, a gracia, en xeneral, faranos rir moitas veces, máis con surriso ou gargallada superficiaes, a frol dos beizos, que millor diciríamos, como algo chegado ao insustancial.

Na caricatura nosa, enxebre, a que dicimos da escola galega, os "monos" defiren xa por si mesmos das outras escolas españolas; solmente gardan un certo parentesco coa escola basca da ante guerra, que Arrue fixo popular no "Sol" de Madride; no tocante ao pé, lle non atopamos paralelo en España. Os pés, na caricatura da escola galega, se non destacan pol-a gracia máis menos chocalleira que fai rír as gargalladas algueireiras; teñen unha sustancia máis fonda, espertan un surriso, que a cada ves máis vaise acentuando de camiño que afondamos n-elas, e ríse, ríse, máis con risa coscente, non gargallada, porque a nosa caricatura é filla lexítima do "humour" e como tal, caraiterízase por un fondo sentencioso de espontánea filosofía, agachada na forma inxenua e leda que a broma require; un refrexo, en fin, semierudito, da proverbial retranca do noso pobo, que costituie a manifestazón popular do "humorisme", mescla de ironía e de sentenza, po eso, cuase que sempre represéntase nun vello petrucio, e ainda as veces nos nenos, pra nos amostrar por meio da inxenuidade criancil, como a concencia racial do análise é consustancial do noso pobo, que se non siñifica como dicharacheiro e impresionabele pol-os efeitos esternos, senón máis ben como refleisivo e mesurado, conscente dos seus sentementos e das suas impresións.

A forma dos "monos" galegos, que calqueira tería como derivazón dos dibuxos de Pradilla, Pedrero, etc., os dibuxantes do renascemento galego que tan ben atinaron a nos conserval-o tipo dos nosos paisans da segunda mitade do século pasado, buscando a inspirazón para o seu lápis na familia labrega e mariñeira, sen caer na copia servil do facer das escolas do centro, non ridiculizan, acusan unha persoalidade nun lixeiro, máis maravillosos tracexos, a caraiterística de cada crase e dos tipos; son, como o documento gráfico folclórico de unha época, porque, no que toca aos rasgos somáticos perduran no tempo, no entanto o esterno, ese aspeito que promana do indumento, ese, pérdese, xa que de día para día senón os costumes que tamen refrexan en parte como infruie o decorrer dos anos, as rouparías sofren a cada ves máis forte que nunca á unificazón pol-a imitanza.

Diferenza na espresión das imaxes, diferenza na conceición dos pés, eis os pilares nos que asentamos a nosa afirmanza da eisistenza de unha escola enxebre, propia, da caricatura; e, xusto é destacar no día de hoxe o nome groriozo por moitos conceptos do mestre que lle deu vida. AFONSO RODRIGUEZ CASTELAO.

A Coruña, novembro de 1953.

Voz Celta

CASTELAO en una Revista de Bretaña

Al norte de nuestra tierra hay otro Finisterre. Está situado en el Oeste de Francia: es Bretaña, el romántico país de magníficas tradiciones celtas. Bretaña fué poblada por los celtas al igual que nuestra Galicia. Pero, mientras nuestro idioma gallego proviene del latín, los bretones han conservado la lengua de los celtas. Aunque es lengua que desafortunadamente no comprendemos, cuenta con nuestra instintiva simpatía, sin duda porque ella hubiera sido también nuestro idioma de hoy, si en Galicia hubiera perdurado la lengua de nuestros lejanos antepasados.

Saben bien los bretones que su pueblo y el nuestro tienen común raíz etnográfica y por consiguiente somos una misma familia. De ahí que, prestigiosas revistas de Bretaña suelen ocuparse de temas gallegos. No hace mucho que la revista de los Gaiteros de Bretaña "Ar Soner", publicó un cordial y bien documentado artículo sobre Galicia. Y cuando hace cuatro años murió nuestro insigne Castelao, el destacado intelectual y políglota bretón Arq. Oliverio Mordrel, residente en Buenos Aires, mandó a Bretaña un informe sobre el penoso acontecimiento que fué publicado por la revista bretona "Al Liamm". En este número de OPINION GALLEGA en que rendimos especial homenaje a Castelao, nos parece oportuno reproducir, en el propio idioma bretón, unos párrafos de dicho informe, a saber

"...*Awen ar Gelted ha karantez virvidik da Geltia a vez o lugerni e meur a galon ghalegat. Anavezet e voe kenta-tro en hor bro Castelao are e levr "As cruces de pedra na Bretaña". Ne deus nemet al levr-se kinniget penn-da-benn d'hor chalvariou. Dudius eo gouzout penaos e voe dastumet danvez al levr. Gantan e wreg feal, ech ergerzas Castelao maesiou Breiz-Isel e-pad chwech mis klok, ur chreion gantan en e zorn hag o klask repu da'n nos en distera keriadennou. Hevelep labour ne vize bet biken kaset da benn panevet ar garantez tener a vage ouz hon aremveliou koulz hag ouz tud vunut. Un arour galloudus e oa brientin pobl Galisia, ouzpenn ur gouiziek, ur prezeger, ur politiker. Kredi start a rae dezan e oa-en ur chelt ken anat ha rouanez burzudus Iwerzon. Ha diaes e oa e zislavaret rak e gwirionez e oa ur chelt. Para rae en e sell glas, en e vouschoarz skanv, un ene entanet ha dasshed hunvreou par d'hor re-ni. Dellezek eo, dre e veurded ha dre e vertusiou, da veza dalchet koun anezan e Keltia a-bez...*".

He aquí la traducción al idioma gallego de los transcriptos párrafos en lengua bretona:

"A espritoalidade dos Celtas e un afervoado amore a Celtia, locen en moitos corazóns galegos. Coñeceuse no noso país, por primeira vez, a Castelao o traveso do seu libro: "As Cruces de pedra na Bretaña". Hai somentes iste libro adicado enteiramente aos nosos calvarios. E conmovedor o sabere como foi xuntado o material de iss obra. Na compaña de sua fidel dona. Castelao percorreu as campías da baixa Bretaña durante seis meses enteiros, o lápiz na mán e percurándose pousada ao anoitecer nas máis pequenas vilas. Ise traballo non houber sido posibre sen o amore sinxelo que il tiña polos nosos paisaxes e tamén pola nosa xente homilde. O xefe do pobo galego era un rexo artista, amáis de sere un sabido erudito, un orador, un político. Tiñase por un celta con tanta autenticidade, coma calesquera mítico rei da Irlanda anterga. Non se lle podía contradecir, pois de verdade que era un celta. A ialma de fogo e os sonos que brilaban nos seus ollos azues e no seu sorrir livián, eran parellos aos nosos. Pola sua grandeza e polas suas virtudes, é dino de sere sempre lembrado en tudalas terras celtas".

En esta oportunidad, en que recordamos fervorosamente a nuestro glorioso Castelao, renovamos al distinguido bretón Sr. Mordrel nuestro emocionado reconocimiento por su brillante escrito, tan pleno de comprensión y de respeto, dedicado a nuestro "guieiro".

Esgrevio Mestre Castelao

Oxe frorece, coma crisantemos no outono, a lembranza do esgrevio Mestre Castelao, que a Morte fera e impiedadora arroubounos o 7 de xaneiro de 1950.

Ao rememoral-a data, vémenos enturados e presos pol-os fíos dunha rede de tristura, que nos arrastra no mar da melanconía.

No nos deamos á dór inútile, nen deitemos esconsoladas bágoas de desolación.

Lembremos que un día o Mestre falou, e dixo: "Afoguemos as trisuras na espranza. Acabemos cos pesimismos e co-a melanconía".

Cavilemos no nobre sinso dos seus ditos, e demos unha proba de que a semejante do seu verbe non caiu en campo ermo: non foi a se perdere no camiño adurecido pol-o tripamento dos pés dos homes; nen enriba do croio duro e seco; nen antromedio de mesta louza espifienta: senos en boa terna labrantía, onde xermolou e madureceu,

Que non foi seu labor en baluto.
Louvemos o seu amado nome.
Santifiquemos a sua memoria,
Non calamos no esmalo.
Sigamos o seu camiño.
"Afoguemos as tristuras na espranza".
"Acabemos cos pesimismos e co-a melanconía".

U. C.

FROUSEIRA, TRISTE FROUSEIRA..

(Framento)

**Frouseira, triste Frouseira,
Onde o teu poder ficou?
¿Onde os muros afroxaron
Que atrevida man fundou?
¿Que fixeche da grandeza
Que teu recinto gardou?
¿Que fixeche do moi nobre
Pero Pardo meu señor?
A treición que me vendeu,
¡A treición que me entregou
do soberbio Pero Pardo
A cabeza cercenou!
¡Ai de min!
¡Maldito sea do ceo
Quen non sinte o meu furor,
Quen non xure a tua vinganza,
Que non busque o vil treidor!
D-un castelo a outro castelo,
D-un señor a outro señor,
vai cantando aquestes feitos
Afrixido trovador.
A Frouseira quedou irma;
C-o cantor ninguen xurou,
¡Que é moi alta aquela reina
Que ó de Cela castigou!**

Ramón Cabanillas y Ramón Vilar Ponte).

UNHA VES MAIS...

por UXIO CARRE

*Unha vez máis, Castelao, á tua memoria,
tanxendo a lira con emoción profunda,
canto erguendo a miña vos á grande groria
que merés a tua aición, sán e fecunda,
nas páxinas da Historia.*

*Foste, Mestre no Ideal, nobre guieiro
dos que á Terra con amor culto rendemos.
Foste artista, i-o teu lápis milagreiro
foi riscando pol-os agros o vieiro
que moitos seguiremos.*

AGENCIA NICOLAS PUENTE
PASAJES
MARITIMOS - AEREOS
PASAJES DE IDA Y LLAMADA A ESPAÑA Y EUROPA EN GENERAL
Tramitaciones de Partidas de Nacimiento Legalizadas
SARMIENTO 481 — Buenos Aires — TELEFONO 31-2956

A Lección de Castelao

Por Salvador Lorenzana

O día 7 de xaneiro do 1950, a cidade de Bos Aires —abaneada por un forte vento de galeguidade— descobriu chea de pasmo, á mesta moitedume que seguía silandeiramente ó corpo morto de Alfonso Rodríguez Castelao. Tremolaba tercamente no ár un remuiño alporizado de emoción, agrarrándose ó refrexo da imaxe do artista xenial. Unha fonda sensación de anguria de séculos faguía esgrima ó paso do cadavre pol-as rúas longas da cidade de belido nome. Aquil 7 de xaneiro entraba no reino do mito Castelao, faguendo casoiro definitivo coa inmortalidade. Vivía intensamente a súa gran paixón, cando tivo que dar o sí á noiva sombriza: a Morte, manseliña, lambedora, espiando porvires nas terras do Plata como unha rameira ambiciosa..

Era esguío e lanzal o artista, do xeito dos piñeiros da súa terra. Cos seus ollos cansos de tanto albiscar no mañán, fitaba día a día os lonxanos horizontes. Mollaba, na distancia, os seus beizos, o leite nutricio de Galicia. Asolagábao o recendo da popularidade namentras sofría o dramático vontariado do esilio; temía á morte lonxe da súa patria, e só se sostiña cos alentos que lle viñan pol-o fío agudísimo da saudade. E alí morréu, afogado na pampa enorme, sin mastro nin buxola, no zarandeo do seu corpo inerme; a súa ialma desvencellada do contacto co país verde, no que lle correspondía ser bitácora e himno de loita.

Unha moitedume mesta de galegos, coma íl emigrados, recolleuno, amorosa, na súa fuxida cara e eternidade. Atravesaron con íl seus irmáns da Galicia ultramariña —silandeiros e irtos como pantasmas da Santa Campaña— as alongadas rúas da cidade. E fórono enterrar, comesto por tremenda anguria, no albo cemiterio da Chacarita. Aquila noite a mar de Rianxo, esgarrada, broslaba unha elexía escumante; contempráronse, enternecidos, os penedos graníticos e os montes todos de Galicia. O cemiterio platense, vixiado pol-as olladas fistérricas, turbouse desacougado; e sin máis tolvaneira litúrxica que un siseo de prgeos, pechóu a roita vital de Castelao, pra que se lle abrisen as portas da eternidade. No sartego iba terra virxe da patria lonxana, e os galegos do mundo puñan níl froles de crebada emoción, acesas baixo do outo ceo da Pampa.

A Galicia de eiquí e as Galicias todas, perguntábanse, paralizadas de dór, por qué o fatalismo mortal as persigue de atal xeito despiadado. ¿A qué obedece isa reiteración na conxunción dos seus homes millores? Nos intres decisivos da existencia galega é o Destiño quen escamotea ós Escolleitos. ¿Pra qué enumerar as súas citas? Ahí están: ollándoas, unha anguria fonda e conmovedora aperta o corazón desesperado. Pois non é de discutir o tan sabido de Castelao. O seu espríto cobizoso, os seus temas sangantes de carne galeguisima, as súas imaxes rexas, a súa paixón intensa pol-a Galicia auténtica, son realidás que ninguén desconoce.

Castelao soupo ser artista, novelista, ensaísta, político... Todo o que quixo, sin procacidade infantil e no paralelo dus sinceiramentos crudelísimos. Pero con ser ísto tanto, non é o que máie nos interesa. A realidade que atopamos no seu activo —realidade nidia, mílite e san— descobre en Castelao a verdadeira interpretación seria, honesta e grave da esistencia e do porvir de Galicia. No ermo negativo e desolado dunha patria desintegrada, a voz de Castelao era xenuína voz procramadora e de tracería xenial. Il alumóu a súa bengala lumiosa pendurada no ár, domeando pasados e futuros. Había medrosidade, lástima e laio a seu redor, cando puxo ó descoberto con curtante bisturí as verdades ispidas. E isto concédelle a súa meirande honra e groria. A súa valente reacción foi un supremo esforzo de ultimidade pra afogar o perigo da inercia. Non percuredes outro tan certeiro, auténtico e sustancial.

Procramóu o artista rianxeiro a vixencia da fe en nós mesmos e na Patria; a necesidade dunha acción positiva e rexa, denostando acremente ós detractores da nosa historia e da nosa persoalidade; o voltar ás normas elementás da libertade pol-a de Galicia. E como "leit motiv" da súa obra toda: a entrega enteira, sin mornezas, ó servicio dos propios destiños. Abonda con lér calisquera dos seus escritos, pra decatármonos das convicciós que animaban a súa crencia nas posibilidades nacionás de salvación. O seu lápiz, a súa pluma, a súa voz acucian decote a solución do probrema dunha Galicia desartellada, farrapenta e murcha. E cando se sentíu esforciado á pelerinaxe, aparéceselle en terras alleas a súa Patria coma un mito amoroso, necesitado de mística díñidade e de inquebrantabre fe.

Cando descña é fecundísimo e áxil coma un escadrista. Cando escribe traballa a palabra con acariñadora emoción. "Nós", os libros de "Cousas", "Os dous de sempre", "Sempre en Galiza"... non son máis que outras tantas amosas dun pensamento que enxamáis ademitíu claudicaciós no servicio do seu país. Os seus amigos ollábanse solpresos por cada novedade, por cada entrega artística, literaria ou política do seu talento creador. A íl preocupáballe ousesionante, a súa propia intimidade, sabéndose na intimidade da Patria. Emporiso puido ser que trazase unha singladura eficaz ás mocedades desnortadas que aboiaban nas augas do vivir galego.

Castelao crióu e deixóu unha herdanza ó morrer. ¿Imaxinades a súa tortura ó saber dos riscos que purraban por a malograr? Máis de todos xeitos rabía que o herdo non podería abalarse nos seus alicerces. Por algo o grande artista de Rianxo navegóu sobre de intuiciós xeniás, pra que os seus seguidores acadaran atracar a porto seguro. A súa obra ahí nol-a deixóu, mesta suxerente enchenta de ideas e de sentimentos claves. ¿Cómo teriamos de esquencer a galleguísima e pura concepción nacional; á que consagróu, en corpo e ialma, a súa vida toda? E certo que na hora da súa morte chovía miudo, sotilmente, o orballo do escepticismo sobre do esprito da Patria; pero tamén o é que alá no fondo a semente prende e froitifica, impulada por unha gran forza de porvir.

HOMENAXE NO 4º

O SONO DE CASTELAO

A Rodolfo Prada

Vexo unha serra pecha. A lús é isa lús sin cór, que tira a gris ou a negra, propia dos días fora de data e dos tempos apartados das horas. Hai un camiño que fói de ferradura. O vento, livián. O resto, todo igoal: serra pecha.

Daniel, *rubindo pol-o camiño.*

E, de súpeto, o vento vólvese tolo. Pilla a brincar, rapa nos pinos, lambe nos penedos, tira pra diante, arrepíntese e volve atrás, zoa, pula ó ceo, entrégase ó chan, e brúa aplastando as agullas contra un vello muro medio desfeito.

(*Daniel, rubindo pol-o camiño*)

* * *

por D. GARCIA SABELL.

Vexo unha rúa de Bós Aires, pertiño, a parede —de ladrillos roxos d-unha campa. Chove mainamente. A rúa deserta. No asfalto, unha poza. E na poza auga parada sobor da que caen as pingas do ceo. Ouvese, sen distancia, un tren que xeme.

A rúa, deserta. **Daniel** *a carón da casa. Malenconía.*

Cae, máina, a chuvia na poza.

(**Daniel** *soio, sempre a rubir*).

"Vente, ventiño do Norte,
vente, ventiño mareiro,
vente, ventiño do Norte,
serás o meu compañeiro".

(**Da** *serie "Os Sonos"*)

Sant Yago de Compostela, 1953

Meu homenaze

a

CASTELAO

por

XOHAN LEDO

O PRIMEIRO CRASICO GALEGO

Por Ramón Piñeiro

Todo aquilo que o home chega a ser e a realizar na vida solo diante da morte acada valoración definitiva. Cando a patrimoño persoal déitase sobre da morte, resprandece con lus propia a sua verdade esencial, a sua verdade pura e sinxela, limpa de todalas opacas migalladas que no decorrer da vida arrastra consigo.

En vida, Castelao chegara a ser un símbolo do amor a Galicia. Dende a hora da sua morte, trasparentado pol-a lus veracísima da pureza esencial, pra o sentir común dos galegos convertiuse en figura senlleira, nunha disas figuras esgrevias que por encarnaren a concreción de un outo ideal colelitivo acadan un valor de exempraridade permanente na evolución espritoal do seu pobo.

Coma sempre, a morte fíxonos patente todo o que níl había de valor trascendente. Namáis morrer, presentes aínda "as suas pisadas", Castelao, que en vida fora símbolo do amor a Galicia, pasou a ser parte de Galicia mesma. A morte transformou o seu amor a Galicia en sustancia da propia Galicia. Desapareceu, si, como corporeidade individual vivente, mais foi pra se fundir co ser total do seu pobo, arrequeccéndoio coa incorporación do seu propio ser. Castelao —díl podémolo decír— ó morrer convertiuse nunha nova dimensión de Galicia.

"Cada ún é responsabel do seu propio destino", dixera, con moita razón, Herodoto, pois si así non for o home non podería ser esencialmente libertade. Pol-o destino de cada ún, sabemos do seu ser e do seu valer. Aquil destino que traspasa a valeira friaxe da morte, que afianza o valer persoal alem da finitude temporal da propia vida, soio pode ser creado por unha vida chea de heroismo moral. Un gran destino soio se acada con unha vida moralmente grande.

En vida, Castelao foi símbolo do amor a Galicia. Dende a hora da sua morte, pasou a ser parte e a ser sustancia da propia Galicia. Transformouse, íl soio, nunha nova dimensión do seu pobo.

¡Grande, nobre, fermoso destino o seu!...

Agora que o ser de Castelao xa é trascendencia pura; agora que xa se deitou na morte pra se convertir en puro valer, podémolo xusgar como home do seu tempo ou como home de todolos tempos. Como tiña que ser, hastra agora máis ben foi xusgado como home do seu tempo, pois o seu tempo é, tamén, o noso tempo, o tempo de quenes o xusgan. Sábese ben o que Castelao é pra os homes do seu tempo, pra os que conoceron, pra os que foron amigos ("irmans") do Castelao home. Mais ¿qué será Castelao pra os homes que o xusguen dentro de mil, de dous mil anos, cando as condicións histórico-culturás coas que íl se avencella téñanse transformado totalmente?... Sen dúbida, pra os homes de entón, mergullados nun mundo de ideas, de problemas e de mitos distintos por completo dos do noso tempo, Castelao seguirá sendo algo. E non solo será algo, senón que será, de certo, algo único, algo que a íl lle corresponderá ser, per saecula saeculorum, con caráiter escrusivo: será o primeiro crásico galego.

A cultura galega, coma todal-as culturas, tamén chegará a crear o seu "Crasicismo". Mais o crasicismo chega no intre da plenitude, da ricaz e madura plenitude, como froito de longo, esforzado e amoroso cultivo ó longo do tempo, cando o pulo creador xa é dono e seor da sabiduría das formas xenuinas. Fáltanos aínda ben camiño que andar. A nosa cultura está aínda en plena mocedade, vive máis do ímpetu heroico da conquista que da serea e sabia posesión ¿Cómo é que Castelao, home do noso tempo, puido ser un "crásico"?

Velahí o que de verdadeiramente "xenial" percibiu intuitivamente a xente en Castelao. Sen precisar ben pol-o qué, en Castelao percibiron algo de "xenialidade", que consiste mesmamente en haber anticipado en sí, na sua obra, unha sabia maturidade de auténtico valor "crásico" que a evolucion interna da nosa cultura tardará aínda en acadar. Pol-a sua sinceira entrega á espritóalidade popular, puido ser íl mesmo a plasmación culta da sabiduría milenaria e chea de maturidade do seu pobo. Castelao é o "crásico" da cultura popular galega, que é, pol-o de agora, a máis representativa de Galicia.

4º. ANIVERSARIO

A UNIVERSALIDADE DE CASTELAO

Por Luis Soto Fernández

Niste intre hestóreco, d'escuridade e vilipendio, que asoballa a nosa Terra, e as demáis terras de Hespaña, que afoga a libertade e pol.o tanto a cultura nacional dos pobos diferenciados da Península Ibérica, acontece a miudo que a pseudo-intelectualidade do franquismo trate por todol.os medios, o seu pequeno alcance, de desfigurar a Hestoria e prostituir a verdade, que fulxe esprendorosa no carro da civilizazón e do progreso.

Decia eu o ano pasado que o fariseismo feixista, arroupado nunha clámide cínica de galeguidade, faguían esforzos inúteis pra presentar a Curros Enriquez, —con ocasión do seu centenario—, como un escritor costumista e acarneirado, dun gran valor literario, mais sen trascendenza politeca e revolucionaria E a cousa continou e continua co propóseto de enganar as xentes de ben.

Pois ben agora diante a inmensidade xenial de Castelao escomenzan os rábulas do réxime a proçura da falsificazón da persoalidade xigantesca e profunda do home máis logrado e máis cabal da nosa Terra.

Ainda acontece que os mesmos demócratas hespañoes troquen a persoalidade de Castelao, ollando somentes a figura dun artista, —dibuxante e literato—, sen proiecución politeca e nazonal nos futuros destiños de Galizia.

Son os mesmos de que il fala:

"Estes son o. que me decían: "Porqué te metiches en politeca? A "politeca é unha cochinada e ti mellor estarías na tua casa facendo arte".

Agora tamén as bruxas de Makbec, susurran nos ouvidos das xentes inocentes: "Hai que ollar a Castelao somentes como un gran artista cristiano e ocidental". ¡Mais, nós ben sabemos o que quere decir o cristianismo ocidental dos que mataron a Alexandro Bóveda, qué si era un verdadeiro cristián!

Tivemos a sorte de vivir, hora a hora, con Castelao durante un ano enteiro, cecais no intre de máis trascendenza na vida do noso pais, nunha encrucillada hestóreca na que se definían ceriamente os destiños do mundo do porvir.

Cecais, tamén percisamente no intre en que madura e fritifica, chegando o cume xenial, da sua obra, a persoalidade politeca, literaria, artistica e humán de Castelao.

Por terras e mares, a veira de il, falamos, escribimos e soñamos. Fomos as zafras, os portos, as veigas, as fábricas, os cafetales e baixamo o fondo das minas, a todol-os lugares onde latexa o corazón nazonal da Galiza emigrada.

Dende a sua morte, ficamos calados pola pena e pola emozón, mais hoxe queremos afirmar que vai sendo hora de que os galegos meditemos cumpridamente nos insiños e no exemplo de Castelao que istivo sempre fronte a tiranía e que loitou barudamente pola democracia, a xustiza e a libertade.

Hai tamén espritus cativos que pretenden catalogar a Castelao, —cando lle queren conceder algunha categoría politeca—, dentro de un nazonalismo estreito, sin perspectiva e sin universalidade.

Ninguén pode ser internacionalista cabal, sinon comprende a sua terra, que é a pequena fenestra dende a cal pode ollar pro mundo.

Eu recordo unha das moitas anécdotas que me aconteceron a veira de Castelao.

Unha noite chegamos a Canton, nos Estados Unidos, pra dar un mitin orgaizado polo Comité Antifeixista Hespañol. O teatro xa estaba cheo e na porta agardabamos varios amigos, antre iles algús paisanos. Denantes de pasar ao escenario chamounos aparte un galego forte e lanzal, que falaba una lingua entreverada de galego, castelán e ingrés de Ohio, e dixonos:

"Eu son de Villagarcía, pero eiquí todos somos internacionalistas e non se pode falar unha soia verba de Galiza. Moito coidadiño, porque sinón desfago o mitin"

Por unha reacción natural Castelao, aquela noite, adentrouse no seo da Terra e espricou a sinificazón universal do feito galego. O noso paisán de Villagarcía, non soupemos si comprendeu ben as cuestiós, mais estivo toda a noite chora que chora e nin siquera poido cear.

Ora ben, ¡qué ledicia ouservar como comprendian o arte ea politeca de Castelao todol.os homes de ben: os negros, os chinos, os xudeos, xentes de todal-as razas e crencias, qué arelan un mundo sin opresión e sin orfandade!

¡Qué ben esprica Castelao o senso da Patrea! ¡Qué proiecución máis internacional e máis xusta!

"O noso instinto xeneroso é incompatible co chauvinismo; pero ninguen pode fanar os nosos anceios patrióticos, que se afincan, simplementes, no amor a Terra Nai, sempre compatible co desexo de reconstrucción racional do Estado hespañol e coas arelas de redención humán. Pra nós a patria é un sentimento natural, inspirado en realidades sensibles aos sentidos. A Patria é a Terra".

A sua vida ea sua obra foi un vieiro de lús infinda. Estivo sempre, —dende os seus anos mozos—, a carón do seu pobo, defendendo aos labregos e os mariñeiros, con valentía e con decisión.

O seu arte endexamáis se perdeu pol-o camiño dun arte "puro', dun arte de élite, e pol-o tanto deshumanizado e antisocial.

O seu arte foi un arte popular e revolucionario, fincado nas entranas do pobo traballador, que comprendeu e asimilou con xusteza a sua obra, até o puto de que ainda hoxe, —e sempre—, as xentes sinxelas, pra comentar calquer acontecido con certa ironía, dicen— ¡Son cousas da vida por Castelao!". Engaden sempre, por Castelao, pra sinalar a trascendenza do seu comentario.



CASTELAO, por Bagaria

Nemigo implacabel do caciquismo, da perpotencia de crás, da tiranía feudal. Capitan arriscado na loita pol.a libertade.

¡Os tempos son chegados! A tiranía que asoballa e tortura Galiza ea Hespaña, a pesar de todal-as infamias, ten as horas da historia contadas.

O seu Mane, Thezel, Phares, avecíñase con pasos silenzosos, mais indubitabels.

E perciso que os galegos de ben avizouren o porvir. E indispensabel unha meditazón serea e limpa sobor da obra de Castelao.

A aportazón dos demócratas galegos, na cultura e no progreso univers les enténdense somentes na comprensión e o amore a sua terra.

Da mesma mancira que Castelao queria:

"Cómo lle queremos a Terra! Eu de mín sei decirvos que se dispois de morto tivese que voar máis alá das estrelas visibles, pra ir a un ceo tan lonxano da Terra. que nunca máis poidera vela, de boa gana renunciaría a inmortalidade para rematar a miña vida debaixo de unha laxe e convertirme en herbas ventureiras. Certo que a Terra que tanto amamos, ainda é un "val de bágoas"; pero nós, os galegos, superaremos a predición relixiosa "e trocarémola en Paradiso".

Non ai que dar voltas soufísticas, nin facer troques feirantes coa verdade refulxente e inmarchitabel.

Somentes eisistiu un Castelao xenial e revolucionario na arte e na politica, que viviu limpamente, sin unha soia claudicazon, sin un desfalecemento, na devozón pol.a terra, que batalou, infatigabel até a sua morte pol-a liberazón do seu pobo e de toda a humanidade, que ainda xema escravizada pol-as forzas obscurantistas e afastadas.

A Unión Ibérica no Pensamento Político de Castelao

Por Ramón Lugris

a Manuel Sena Rego, en Lisboa

Pra calqueira que pretenda estudar as posibilidades de orgaización política de Galicia, o problema xeral da estroituración peninsular háselle presentar como o primeiro en importancia. De tal xeito que somente resolvéndoio poderáse prantexar o da orgaización política galega.

O problema —ben coñecido de todos— podémolo enunciar así: Mentras **POLITICAMENTE** a Península Ibérica está dividida en dous Estados, **CULTURALMENTE** podemos distinguir n-éla varias **COMUNIDADES** sin persoalidade política. Pra solucionalo compre percurar unha estroituración política axeitada á realidade cultural.

Con ser o problema craro, ó traveso das obras dos teóricos políticos que o trataron podemos ver, emporiso, unha gran diversidade no caráiter das soluciós. Antre todas, as dos políticos galeguistas teñen unhas constantes que as integran n-unha tendencia común a todas élas. Dendes que Murguía prantexón o problema na célebre contestación a Sánchez Moguel até a sua máis recente eisposición nas páxinas de unha revista portuguesa (1), descobrimos na ideoloxía galeguista unha forte preocupación pol-o artellamento de Portugal no corpo político futuro da Pnínsua. Ista tendencia galega contrasta moi craramente co-as dos outros políticos, ás veces despreocupados por iste aspeito do problema a, moitas máis, descoñecedores da sua importancia.

Castelao representa no concerto da política a mis nídia voz do pensamento do Partido Galeguista. A sua opinión —maxistralmente esposta no seu libro "Sempre en Galiza", por hoxe o único guieiro político galeguista— é a que trataremos de enxuiciar seguidamente.

Coñecedor fondo da realidade peninsuar, Castelao distinguía dous aspeitos fundamentaes no problema a tratar. Galicia está a cabalo antre os dous, ou, máis ben, atópase penetrada por entramos aspeitos: De unha banda, o conquerir que as **COMUNIDADES** integradas no Estado español teñan unha persoalidade políteia de séu. Da outra banda, estreitar os vencellos de irmandade que xunguen ó noso país con Portugal. O papel que Galicia debe representar na solución do problema eisixe que teña prioridade o aspeito puramente **ESPAÑOL**, pois ise papel é o de intermediaria co pobo lusitán.

Pra Castelao, a "obra hespañola" xa atopara o seu camiño axeitado ca orgaización de **GALEUZCA**, e respondía plenamente a aquil esprito de colaboración que fixera decir a Cambó que o pleito catalán tería a sua solución en Galicia e máis en Lisboa.

E isa obra xa en camiño tiña que ser o primeiro paso pra a entrada de Portugal no seo da futura orgiazación peninsuar. Castelao pón o exempro do Sil pra afirmar que, tarde ou cedo, o país irmán voltará a se entender con nosco porque "o artificioso desvío de Portugal non é tan seguro como creen os cataláns e os mesmos portugueses".

O entendimento con Portugal é necesario: porque é o único medio de erguer un Estado forte na Península; porque Galiza atópase como incompleta; porque tamén Portugal acadaría un senso definido de vida o isa autonomía **AUTENTICA** pol-a que sempre loitóu.

Galicia faría —como xa levamos dito— de mediadora. E pra iso axudaría con todal-as suas forzas á realización de unha comunidade federativa que asegurase a Portugal contra de calisqueira apetencia asimilista de Castela.

Portugal e Galicia completaríanse e formarían unha forza cultural do Oicidente ibérico que se podería enfrentar co-a de Castela. Non pra logo sustituíla, máis pra "armonizar as vairas voces peninsuares n-un acorde magnífico"

O traveso da obra política de Castelao iste sentimento de irmandade galaico-portuguesa é unha constante que amostra nídiamente a posibilidade e conveniencia da federación con Portugal. Tén iste sentimento todo o valor de unha maxistral leición que os portugueses deben tratar de comprender. Porque non somente o temor de un posíbel "perigo español" é o que os portugueses presentan como obstáculo á federación, senón tamén unha serie de prexuicios nacionalistas xa caducos que son contrarios a un entendimento peninsuar construitivo e sinceiro. I-eiquí é onde as verbas de Castelao adequiren o seu máis outo valor. Porque son ser —como en realidade era— un purísimo 'nacionalista" galego, soupo comprender que o meirande valor das naciós non consiste en tratar de erguer un pobo sin axuda esterior sin se preocuparen de si hai ou non posibilidades de éisito. Porque soupo construir un nacionalismo galego cuios alicerces eran autènticamente galegos, e non produito de situaciós políticas cu apetencias imperialistas. Porque soupo dende sempre que a independencia non é máis que unha verba vouga cando non responde a unha realidade.

Si os portugueses chegan a comprender iste esprito, o esprito do galeguismo todo, e a ver nos países peninsuares irmáns e non estranxeiros, a leición de Castelao dará os seus froitos. Namentras, velaí está, sempre a agardar pol-o día en que os homes teñan boa vontade.

(1) ('Seara Nova. de Lisboa, setembro 1952.

Santiago de Compostela, Nadal do 1953.

CENTRO ORENSANO

CRONICA SOCIETARIA

ASAMBLEA Y COMICIOS

El Superior Gobierno de la Nación, por Decreto de fecha 15 de Diciembre ppdo., ha dado su aprobación a las reformas que se introdujeran en el Estatuto social, una de las cuales establece que el ejercicio deberá cerrarse el 30 de Junio en lugar del 31 de Diciembre, debiendo realizarse la Asamblea y Comicios antes del 30 de Septiembre. Para ajustarse a la nueva disposición, la C. D. en la reunión realizada el día 8 del mes en curso, ha resuelto diferir la realización de ambos actos hasta el mes de Septiembre, prorrogando, automáticamente, la duración del mandato de los Miembros que debían ser reemplazados en el mes de Marzo, hasta aquella fecha. En la Asamblea ordinaria del mes de Septiembre se someterán a la consideración de los señores asociados dos "Balances" y dos estados de "Ganancias y Pérdidas", que comprenderán el año 1953 y los seis primeros meses del año 1954, respectivamente, quedando así regularizada para el futuro la duración del ejercicio que, como ya hemos dicho, abarcará desde el 1º de Julio hasta el 30 de Junio. En lo que a la "Memoria" se refiere, será presentado un solo documento para los 18 meses (Enero de 1953 Junio de 1954) con el fin de evitar el considerable gasto que significaría la impresión de dos "Memorias" separadas.

El nuevo "Estatuto" será impreso a la mayor brevedad y remitido a todos los asociados para que tengan amplio conocimiento del mismo.

QUINTA "NOSO LAR"

Son cada día mayores los atractivos que se brindan en la magnífica quinta "Noso Lar", de Ranelagh, a quienes tienen el acierto de concurrir a la misma. No se trata ya de los días domingos solamente, también en los demás días de la semana son muchos los que concurren a disfrutar de las innúmeras comodidades que tienen a su disposición y del inmejorable clima de tan bella localidad. En los días domingueros ya se ha hecho hábito en gran número de asociados —familias en su mayor parte— trasladarse a "Noso Lar" cualesquiera sean las perspectivas del tiempo y tienen razón: si hace calor y el sol aprieta, pues a recostarse en el parque y disfrutar de la frescura de su magnífica sombra e, inclusive, pegarse un buen chapuzón en la pileta de natación, alternando todo ello con disputados partidos de basket-ball o de bochas y sin que falten tampoco, los amantes del juego de la "llave", "sapo" y variados entretenimientos de toda índole. En lo que a la gente menuda se refiere, tienen reservado un lugar de privilegio provisto de diversos juegos infantiles (hamacas, toboganes, columpios y calesita) donde se divierten a sus anchas, sin ninguna clase de riesgos y por lo tanto, sin que los padres tengan que preocuparse de los niños durante su permanencia en la quinta. Que hace frío o llueve, pues a no preocuparse por tal insignificancia, en los amplios cobertizos existe comodidad de sobra para que nadie se sienta molesto por tal causa y como broche final de un magnífico día, a la caída de la tarde, cuando ya el calor no resulta molesto, se baila animadamente, y al compás de magníficas orquestas y excelentes grabaciones en la amplia pista al aire libre.

Amigo asociado: Si Vd. no ha concurrido aún a "Noso Lar" podrá creer que lo que dejamos dicho es a título de propaganda ampulosa. No es así, el elogio que dejamos hecho de la quinta y el ambiente de comodidad y amabilidad que allí se respira, es todo cierto. Concurra Vd. una sola vez, aunque sólo sea por curiosidad y estamos seguros que compartirá nuestra opinión y se convertirá en asiduo concurrente.

Los medios de locomoción para llegar a la quinta son excelentes: quien posea automóvil viajará íntegramente sobre afirmado y quien no disponga de vehículo propio, utilizará el F.C. hasta la estación de Carlos Spegazzini, y desde allí, tendrá que caminar, apenas 5 cuadras totalmente asfaltadas. Para el regreso, además de los trenes de trasbordo que circulan con una frecuencia de 40 minutos aproximadamente, disponemos de los siguientes trenes directos que parten de Carlos Spegazzini: 18,55, 20,00, 20,45 y 21,22.

NECROLOGIA

Doña Cecilia Dabria de Comesaña

El día 11 de Diciembre ppdo, dejó de existir la señora esposa del buen amigo y actual Secretario de Actas, Don Antonio Comesaña. Desaparece Doña Cecilia Dabria de Comesaña luego de haber sido sometida a una intervención quirúrgica en el Sanatorio del Centro Gallego, con el objeto de intentar el restablecimiento de su salud. Al amigo Comesaña, hija, hijo y demás deudos, reiteramos las expresiones de pesar que le testimoniáramos en su oportunidad.

Don Evaristo Fernández

El 3 de Diciembre ppdo, en el pueblo de Boal, Asturias, falleció a los 83 años de edad el señor Evaristo Fernández, padre político del miembro de la C. D., señor Blas Rodríguez Osorio a quien, lo mismo que a su señora esposa e hija del extinto, Doña Valentina Fernández de Osorio, hijos, nietos y demás deudos, deseamos hacer llegar nuestras sinceras condolencias.

Don Castor González

Falleció el 20 de Diciembre de 1953. El extinto pertenecía a una de las familias más numerosas y estimadas de nuestro Centro y era hermano del ex cobrador, Don Vicente González, a éste, lo mismo que a su desconsolada viuda, Doña María Carmen Suárez de González, hijos, nietos, sobrinos y demás deudos, expresamos nuestra solidaridad con su aflición.

Don José Alonso

Con la desaparición del señor José Alonso, ocurrida el día 1º de Enero, pierde nuestro Centro uno de sus más antiguos y apreciados consocios, además de un buen y cordial amigo. El extinto que había alcanzado la extraordinaria y envidiable edad de 90 años, era padre de Don Antonio Alonso, ex Secretario de la Federación de Sociedades Gallegas y buen amigo también del Centro Orensano y de todo lo que pueda tener alguna relación con nuestra querida Patria, Galicia. Al amigo Antonio y demás familaires, llegue el testimonio de nuestro más profundo pesar por tan irreparable cuan sensible pérdida.

Don Benito Bernardo

El 15 del mes en curso dejó de existir este estimado asociado, con cuya amistad contáramos desde el momento que se incorporó a este Centro como integrante de la ex Sociedad de Rairiz de Veiga. Su pérdida ha sido muy sentida entre las numerosas personas que tuvieran el honor de compartir su amistad, y muy especialmente, entre sus propios convecinos, que habían llegado a apreciarlo en todo su valer. A su afligida esposa, Doña María Encrnación de Bernardo, su hija Matilde y demás deudos, nuestro más sincero pesame.

Doña Josefa A. Arratibel de Hidalgo

Falleció el 1º de Octubre de 1953 en su Patria, Vasconia, a la edad de 74 años. Su desaparición enluta el hogar del integrante de la Coral "Terra Nosa", Don José Hidalgo (h.), a quien en nombre de sus compañeros del Coro y de la C. D. de este Centro, hacemos llegar el testimonio de nuestro sincero pesar.

Sorteo de Bonos del Empréstito Interno

Tal como fuera anunciado, el viernes 18 de Diciembre ppdo. se realizó en nuestra sala de sesiones el sorteo de Bonos del Empréstito Interno Pro Quinta de Recreo. Fueron sorteados $ 42.000 equivalentes al 6 % de la suma autorizada por la Asamblea, y resultaron favorecidos los siguientes números:

005	140	349	565	664	826
050	146	369	579	671	837
064	161	383	586	678	844
066	169	392	595	684	854
072	186	419	597	714	861
084	223	442	608	746	887
097	240	473	625	769	901
098	256	516	643	770	956
102	333	531	653	774	972
130	334	562	660	786	986

Deseamos aclarar que tales números son válidos para cualquiera de las tres series emitidas (A, B, y C) y los poseedores de los mismos deberán canjearlos por su equivalente en efectivo, pudiendo hacerlo todos los días hábiles, menos sábados, de 19,30 a 21,30 horas, en la sede social. Advertimos que los bonos sorteados aun cuando no sean presentados al cobro, dejarán de percibir intereses a partir del 1º de Enero del año en curso.

PAGO DE INTERESES

Hácse saber a los señores suscriptores del Empréstito Interno, que ya pueden percibir los intereses devengados por sus títulos hasta el 31 de Diciembre de 1953. Estos pagos se efectuarán, de lunes a viernes, salvo feriados, de 19,30 a 21,30 en la sede social, contra la presentacion del cupón correspondiente.

SASTRERIA FINA
MANUEL PADIN
Nueva dirección
San Martín 552 - T. E. 31-5585

CASA RAIMONDI
de GONZALEZ Y RIVERA
SOMBRERERIA
Y CAMISERIA
RIVADAVIA 2634 T.E. 47-6956

"CALVETE"
Para Comprar Mejor
ARTICULOS PARA HOMBRES
BELGRANO 3080 T. E. 46 - 1827
Socios Centro Orensano (con carnet) 10 % descuento

QUIÑTA "NOSO LAR"

CARTELERA

VELADA — Sábado 23 de Enero, de 22 a 3,30
JAZZ "HARLEM"

SOIREE — Domingo 31 de Enero, hasta las 22 horas
"INTERNACIONAL" JAZZ

VELADA — Sábado 6 de Febrero, de 22 a 3,30 horas
ALBION MELODY FENIX

SOIREE — Domingo 14 de Febrero, hasta las 22 horas
JAZZ "HARLEM"

SOIREE — Domingo 21 de Febrero, hasta las 22 horas
JAZZ "HARLEM"

CARNAVAL

27 y 28 de Febrero, 1º, 6 y 13 de Marzo: VELADAS

2 y 7 de Marzo: SOIREES

En la sede social actuará SISTO y su gran conjunto de gaitas, y la terraza será habilitada para buffet.

Se remitirán invitaciones

Mensaxe a Castelao

Houbo un tempo en que un home que era como unha liña dobrada andaba a pelegrinar po-los recantos da nosa Terra. Era cousa de atopalo, de súpeto, nas rúas de Sant-Yago, ou na paisaxe severa e xenerosa de Chantada, ou na gracia madura de Pontevedra, ou nas esquinas encadrilladas de Rianxo, o mar po-la banda de frente e un curuto de conteo na banda do lombo.

¿Lémbraste, Castelao? Eras tí, tí mesmo, irmán Daniel. Non precisas facer memoria pois que xa mergullas no Além e ahí o tempo — onte e antonte, mañá e o que ha de vir — é todo ún.

Aparecías. Falabas. Era a túa conversa un rezar de cousas ledas, de cousas duras, de trabalos rexos, de folganzas estreitas. Calabas. E cando te metías no silenzo, entón eran a falar os teus ollos, a craridade lumiosa e aberta dos teus ollos de cego que ve. Recorda que pra tí sempre fuches, irmán Daniel, un cego sesibre que vai po-la vida ca anguria de esnaquizar as cousas todas. Tí, tan venerador, apalpando con moito modo a pedra dos muros e a ialma dos homes, a fror petrucia do toxo, a fada noxenta dos coitados e, ¡ouh, miragre!, as escumas nidias da mar nos areaes. Por iso, mais que estar, tí aparecías e, cando decatábamos, xa eras ido. Falabas e calabas e tiñas o máino pé delicado dos ceguiños que van a rentes das chouzas, de casal en casal, ca súa imensa e arrepiante presenza, co seu urro profundo e xusticieiro.

Eisí, d-ise xeito, andiveche á esmola en toda a Patria. Foron moitos anos de probe de pedir. Moitos anos de mal pasar. Moitos anos de facer que risen ou chorasen os demáis pra arrincarlles unha pequerrecha cóuea de galeguidade. Moitos anos amostrando a mán fina e nobre, feita pra máis outas obrigas. Moitos anos de escuridade deserta e seca como unha gándara desemparada. E tí no meio, tí, lus tremecente na noite moura, tí, Castelao, probe das portas de Galiza, chuchado po-la miseria ahistórica do Povo, arelante da Terra, maneático do Sentimento, arrebuñador da Cultura, doente da Raza e profético da forza caseque nova do Destiño.

E agora, agora que está eiquí sepulto, é festa na Galiza. ¿Ouves irmán?, ¿Ouves o canto atafegante da vella Terra cansa e renovada? De certo que sí e de certo que hastra os teus osos han de chegar solermiños e ledos sóns de unha bóa, repinicada riveirana. Pró cecais non adiviñes que a grande Romería coleitiva garda un segredo vivo e latexante como un curazón. Nós, as xentes de esprito da Terra, temos de decircho, xa que todas as sabencias nos ensinaron que os feitos pasan, as persoas mudan e o camiño esquécese. N-este intre de gaitas, foliadas, xantares e foguetas, no trugo das mozas loiras e as sentenzas prudentes dos patrons, andas tí que xa non apareces pra fuxir, senón que estás pra durar. Estás i estarás, cifra, eixe e Pazo das entranas dos galegos. O segredo da Romería da Galiza eres tí.

I estás porque os fillos da Galiza viva son deudores teus. Estás porque os facedores da riqueza inteleitoal do país lémbranse d-aquela liña dobrada e soave que, n-outro tempo, andivo a pelegriñar po-la Patria adiante. Estás, porque eles hoxe non son probes de pedir, mas tí o fuche denantes por todos. Estás por amor ás túas máns sofridas e a túa vida entregada. Estás, porque tí eres como unha enruga nova lado con lado das antigas enrugas sagradas da Nai, poderosa na súa fraqueza. Estás, porque xa non son tempos de fame, senon de fartura e a colleita vén da túa semente. Estás, porque os galegos de alá non paran de ollar como tolos alucinados pra iste teu repouso na Chacarita. Estás, porque eiquí fán o velorio téu outros galegos de peito aberto que teñen brazos fortes e compridos pr-ó traballo e alento abondo pr-ó pranto con dinidade. Estás, porque está Pondal i está Rosalía. Estás porque o pide o Esprito, porque o pide a Raza e porque o berra a Hestoria.

Xa vés. Non todo pasa. As sabencias da Cultura as veces apodrecen do erro morto das escolas e os xuicios. ¿Qué nos importan sí a túa mán de pedir era mán que siñalaba? ¿Quén pode crebar o brilo do sangue, nin tan siquera escondélo? Como os piñeiraes que se asoman, tímidos e inxénuos, as costas de noso Fisterre, eisí está esa rapazada de vellos e novos, de homes e mulleres que se apertan en xuntanza de irmandade a fitar pr-ó téu vieiro alertado de ceguiño xenial.

Agora a rapazada celta está de folganza. ¿Ouves, irmán Daniel? Compre que todos calemos. Fai falla un grande, armonioso e purísimo silenzo. ¿Ouves, irmán Daniel?

Xa ves, ningún te esquece. Por riba dos montes e dominando o barullo da Romería anda un urre calado: "¡Castelao!", "¡Caste'ao!"

Fagamos o silenzo aínda máis solemne. ¿Ouves, irmán Daniel? ¿Ouves a Festa da Galiza como un rumor de seitura? ¿E non é verdade, irmán, non é verdade que ahí no Além o tempo — onte e antonte, mañá e o que ha de vir — é todo ún?

G. S.

No Día de Galiza do 1953.

CASTELAO NA LITERATURA GALEGA

Por Leandro Carré

Cando no ano 1922 aparesceu na coleizón "Céltiga" o estraordinario conto de Castelao UN OLLO DE VIDRO, espertóu grande interés. A Castelao coñecíaselle como dibuxante, como caricaturista. Tiñan moita sona xa os seus dibuxos e comentábanse os pes ou lendas que adoitaba poñerlles.

UN OLLO DE VIDRO era algo mais. Era a idea xenial do dibuxante humorista feita verba para que todos poideran comprendela mellor. Y era unha escelente nostra de inxenio e ouservazón, de intenzoado e churrúsqueiro ferrete, que foi lida e estimada. Aquela serie de esqueletes que nos apresenta, dende "o que trouxo na cachola unha biblioteca enteira" e sabe moito de moitas cousas, más que nas suas conversas fai de cote catro ou cinco funambulismos filosóficos y enguedella o fío. Contesta sempre: —"Direille... direille— e non di nada"; a muller que morréu de tristura c'un esquelete pequechiño antre os cadrís o que se suicidóu; o filántropo e mais o poeta; a criada de servir... Son outros tantos retratos estilizados que carecen da materialidade de carne que lles dé corpo; mais que están animados por un esprito que nos amostra as suas almas levadas de ilusións, fachendas e cobizas.

Despois cóupome a min, como direitor e propietario da Editorial Lar, dar ao prelo (1926) o seu primeiro libro de COUSAS, no que se non sabe que ademirar mais, se os manífícos dibuxos ou os curtos relatos que aqueles ilustran. Outro libro de COUSAS, o segundo (1929) editado pol-as Pubricazóns Nós, ao que seguíu o seu belísimo libro de contos RETRINCOS, e mais tarde (1934) o romance de 260 páxinas OS DOUS DE SEMPRE.

Como o seu títduo indica, o asunto de OS DOUS DE SEMPRE non é orixinal. Eo no tocante ao desenrolo do tema. As duas figuras prncípaes e antagónicas teñen corpo e alma; teñen realidade. Pedro, o materialista, que non pensa ?pra qué?. Somente procura o modo de encher o bandullo có menor traballo posibele.

"Pedro non foi vencido pol-a bebida senon pol-os chourizos, os callos e as caldeiradas de bacallao, e co gozo de comer esqueceuse do disgusto de pagar".

Xa de pequeno, cando nasceu un seu irmanciño, perguntóu ao pai:

—"¿De onde veu o meniño, papai?

E Farruco respondeulle, por dicir algo:

—Mandouno a tía Adega no caixón das lambetadas.

E Pedro, despois d'un anaco de meditación, volveu a perpuntar, cos seus ollos de acibeche brilantes de ledicia

—¿E cando o comemos?"

Toda a vida de Pedro foi sômente unha infinda dixestión. Do seu traballo nada pode dicirse, como non sexa que a final pasou o resto d asua vida folgada e feliz, gañando catro pesetas de xornal nunha caseta de consumos, "porque xa vai vello e a ventre pídella menos comida".

O Rañolas, en troques, nasceu eivado e de ruín caste, e dicía ao seu amigo Pedro, que comía as mazáns e pexegos que ele arroubaba:

—"Eu se fose moi rico, moi rico, andaría sempre d'acabalo d'un cabalo branco".

Despois de pasare moitas miserias c'uns moinantes dos que adeprendeu renarterías, foise fuxindo d'eles deica París, onde vendendo xornaes, encomenzóu a filosofar. Por romate fíxose reloxeiro, e para sere un home coma os mais, deixouse cortar as suas pernas eivadas pra se poñer outras de resorte cando xa s'atopaba de volta na sua terra.

"Rañolas era un home tan grande que con dous libros que meteu na cachola tivo d'abondo para latricar de todo, e Pedro quedábase pasmado diante da sua sabencia".

"E coas ideias que zugaba nos libros e as que lle criaba o maxín, o ledo mendicante trocouse de arrebato nun anarquista".

Mais, aborrecido de traballos e fallo d'aquela libertade do âr e do sol dos camiños do mundo, un día, non podendo esnaquizar a humanidade, e desilusionado, nun esteril sacrificio da sua vida fixo voar a sua propia cabeza c'un cartucho de dinamita.

As aventuras d'un e d'outro entreteñen ao leitor no decurso do romance. O relato está salpimentado co mais enxebre humorismo, do que tantas probas nos deixóu nas suas obras o xenial artista galego.

Outra obra mais escribiu Castelao para arrequecer a literatura galega; foi aquela manífica comedia OS VELLOS NON DEBEN NAMORARSE, que engade outra xoya á xa rica coleizón da dramática rexional, descoñecida dos mais e esquecida por moitos inxustamente.

Se na arte pictórica e no deseño o nome de Castelao ten un posto de honra, ocupa tamén un logar de relevo nas nosas letras galegas, iniciando os vieiros do humorismo coas suas obras de humana realidade.

LEMBRANZA INMORRENTE

¡Outro ano máis!... ¡Cóma galgue n os días que van facendo o percorrer do noso zocar pol-o Mundo!... Inda semella qu'o Guieiro, o Mesire C stelao, está antre nós, e xa fai catro anos que deixounos pra ir morar cós ceibos espritos dos nosos proto-guieiros, e, pra dende aló, ser eles os que rixan o noso loitar pol-a Libert de da Nosa Terra, que xa axiña ha ser Nosa en verdade pra sempre.

Dicir ¡Castelao! é dicir loita, agarimo, enteireza, curazón e canto de máis bó ten o home nas podenzas do corpo e da ialma. Pois, iso todo xunto, é o que tiña o noso maísimo Guieiro da redenzón da Terra. ¿Quén de nós non conosce ó Castelao neno, neno no seu corpo e no seu espirito, e barudo xigante nos seus incansábeles trafegos pol-a Libertade da nosa Galiza?...

¡Xa fai catro anos!... e cada día que vai pasando sen escoitar eó corpo a voz do Mestre, máis fondo de nós sentímos o ecoar das bruantes verbas qu'o seu bico botaba chamándonos a todos nós, pra que, mesmo un soyo home, fóramos a ser un máis nas ringleiras dos loitadores pol-o Noso Chan, ou aquilas outras, que, doces e sinxelas, saían do máis fondo curruncho do seu curazón cando poñíase a palrar co'a Terriña mesmo se ela fora tenra noiva (¡e Galiza foi sempre iso pra Castelao!) á quen tér que dicir verbas d'ouro enchidas d'agarimo, empregando pra ilo os máis tenros dicires da nosa lingua!

Ben certo é qu'os mortos mandan, e, irmans todos, non esquecer que, encol de nós voan ¡ceibos! os espritos d'aqueles homes que ben souperon loitar pra qu'a Nosa Terriña poidera chegar a un ¡Vintaoito de Xunio!, e isos espritos, ¡non esquencelo tampouco!, guían os nosos trafegos pra unha Galiza que ten que rexurdir do sono no que parece estar durmida.

Castelao, que tan xunto de nos estivo neste Mundo na loita por acadar iste trafego, é un d'ises inmorrentes Guieiros que co'a lembranza dos seus feitos, dannos forzas de xigante pra nós seguir e seguir, cada día con máis coraxe, loitando deica atinguir unha Galiza ceiba do meigallo castelán que xa ten más de cinco centos anos.

Poucos homes sentiron tan fondo a Galiza, e poucos loitaron por ela coma o noso Castelao. Todol-os intres da sua vida foi soyo iso: ¡Galiza!... ¡Galiza! ¡Galiza!..., pensamento cheo d'enteireza que nós imos da tér sempre en conta pra, mesmamente qu'il fixo facer, e por riba de nosoutros mesmos, encol de canto todo mais podamos desexar pra o noso ben personal, poñamos ¡sempre! o benestar da Terriña, pois canto millor sexa o seu porvir, millor ¡non esquecelo hirmans!, ha ser tamén o noso...

Lembrade pra sempre o qu'o noso Castelao insiñounos, e por todos o ben de Galiza sobor do noso mesmo ben. Decide sempre:: ¡Primeiro Galiza..., logo Galiza, e despois... Galiza. Eu teño ben a seguridade qu'o esprito do noso Guieiro fremecerase de ledicia ó escoitarvos, e il nos ha doar a todos a forteza de buxo qu'il tivo pra que ¡sempre adiante! vaiamos con rixo zocar, levando á Terriña no noso curazón ó logar qu'antre os povos ceibos do Mundo correspóndelle por dereito e non por esmola ou mágoa.

¡Galegos!... ¡Hirmans!... ¡Todos cantos morades no chan da nosa Terriña... ¡Vosoutros, os que lonxe d'ela atopádevos ciscados por todol-os logares do Mundo!... Escoitade as verbas d'un dos vosos, o mais homilde de todos, un dos que nada quer pra se mesmo, e, mais en troca, o quer todo pra a Nosa Terra, vos, quer facer chegar nestas liñas pra que logo de lélas co'a ialma e có curazón, as chantedes ben no mais fondo de vos: ..

"Xuro pór o meu maor esforzo na loita pol-a compreta Libertade do noso chan, e pra ilo hei seguir sempre o camiño que co' a sua enteireza, e có seu desinterés por se mesmo, amostrounos o noso Guieiro maísimo, Afonse R- Castelao".

Se asina o fixérades, hirmans, que Galiza, a nosa Naiciña ben amada, vol-o teña en conta. Mais, se esquecérades iste sagro debecer de todo bon galego, entón qu'ela vos dea sua axe, que é o maor dos danos pra os desleigados.

Eu agardo, e ansi o sei certo, que neñún dos que nascimos no verdescente chan onde morou o noso Castelao, ha deixar d'socorrer á chamada do esprito do Mestre, e todos xuntos, ben apertados, formando un soyo corpo e unha soya ialma, imos alanzar, ¡xa aiziña! ós ventos, pra qu'eles o fagan ecoar por todo-o Mundo, a garimosa armonía da noso Hino, namentres que bágoas de vencedores, non de vencidos, han rolar cheas da maxestade dos fortes, ó fitar coma os áres bican unha branca bandeira travesiada por unha cinga azul, despoixas de cinco centos anos asoballada...

"Os bos e xenerosos
A nosa voz entenden
E con aroubo atenden
O noso rouco son:
Mais só os iñorantes
E féridos e duros,
Imbeciles escuros
Non nos entenden non"...

E. P. Hidalgo.

Na Galiza, Xaneiro do MCMLIV

CENTRO PONTEVEDRES

CRONICA SOCIETARIA

Ultima hora

CULMINANDO ASPIRACIONES

En prensa OPINION GALLEGA, tráennos la noticia, de que, en el día de ayer, 5 de febrero, ha sido firmado el BOLETO DE COMPRA de los terrenos denominados "DE LOS ALEMANES", linderos con nuestro RECREO SOCIAL.

Si algo faltaba para confirmar de manera ostensible la potencialidad moral y administrativa de nuestra querida institución, ahí presentamos ante la colectividad el ejemplo de nuestros entusiasmos pontevedreses y de la UNIDAD PONTEVEDRESA.

Damos, llenos de entusiasmo esta primicia a todos los asociados, invitándoles a vivir, en lo sucesivo, la GRAN REALIDAD DE SUS SUEÑOS. ¡TODOS A COLABORAR POR LA GRANDEZA DEL CENTRO PONTEVEDRES!

SOCIOS VITALICIOS

Como parte complementaria de su importante labor, ha sido encomendada a la Sub-Comisión de Finanzas, que preside con el acierto de siempre el amigo Cándido Rey, la tarea de interesar a los asociados del Centro en inscribirse como Socios Vitalicios, categoría de socios que preveen los Estatutos sociales puestos en vigencia en fecha reciente. Es esta otra manera de cooperar en la obra de bien común que a nuestro Centro le concierne.

Damos a continuación la nómina de los Socios Vitalicios a partir del 1º de enero de 1954:

Nº de Matrícula	NOMBRE	Nº Soc. Vital.
427.....	José B. Iglesias	1
2745.....	Vicente Velasco	2
32.....	Cándido Rey	3
27.....	Manuel Pazos	4
39.....	Ramón Vázquez	5
1885.....	Juan Eiras	6
2256.....	A. Fernández Feijóo	7
2255.....	Luis Fernández Pedrosa	8
3815.....	Manuel Limeres	9
131.....	Manuel García Cochón	10
1015.....	Joaquín Campos	11
102.....	Manuel Casal	12
26.....	Benito Piñeiro	13
763.....	José María Cascallar	14
1941.....	Manuel Ucha	15
2192.....	José María Ferreño	16
373.....	Jesús Tomé	17
105.....	Valentín Dios	18
676.....	Darío Cobas	19
879.....	José Barreiro Güimil	20
1430.....	Francisco Soler	21
1036.....	Andrés Villaverde	22
2981.....	Camilo Gómez	23
646.....	José Vilar	24
671.....	Antonio Pintos	25
3810.....	José María Piñeiro	26
1446.....	Eugenio Blanco	27
725.....	Eulogio Fernández	28
816.....	Arturo Parada	29
872.....	Manuel Puente	30
2522.....	Cesáreo Suárez	31
89.....	Juan Casalderrey	32
3811.....	Jesús Castro	33
3812.....	Eduardo Pérez	34
2675.....	Manuel Peón	35
817.....	Asunción P. de Parada	36
824.....	Manuel Baloira	37
595.....	Juan E. González	38
282.....	Celso Argibay	39
246.....	Daniel Rey	40
2086.....	Santiago Casalderrey	41
3328.....	Teodoro Ruibal	42
1648.....	Manuel Gil	43
3813.....	Isaac Podestá Casares	44
3184.....	Amadeo R. Repetto	45
3816.....	José Pintos Maquieira	46
2122.....	Jesús Varela	47
3433.....	Germán Leira	48
2845.....	Marcelino Peña	49
3539.....	Antonio Rodríguez	50
3823.....	Perfecto López	51
6.....	Severino Crespo	52
477.....	Teresa P. de Crespo	53
570.....	Arturo Moldes	54

EDITORIAL "LEREZ"

Como parte de su importante e irrenunciable aporte a la obra cultural de la Colectividad Gallega en el país, el Centro Pontevedrés ha creado su propia Editorial, nacida bajo el símbolo de "LEREZ" representación poética de nuestra Provincia.

Su actividad ha de iniciarse con la edición de la obra teatral de Cándido A. González "MAL OLLO", que fuera premiada en el último concurso literario organizado por el CENTRO GALLEGO.

Creemos que la elección no ha podido ser más feliz, pues se lleva a la letra impresa, la obra de un activo y sincero luchador en pro de las cosas de GALICIA y que al servicio del CENTRO PONTEVEDRES ha puesto lo mejor de su saber, dedicación y esfuerzo.

Acto de camaradería en la calle Sarandí

Para celebrar la toma de posesión de la Casa de la calle Sarandí 847, futura sede del Centro Pontevedrés en la Capital Federal, la Comisión Directiva y Sub-Comisión de Finanzas, organizaron un acto de camaradería consistente en un suculento asado el día 19 de diciembre, en el hermoso parque de la residencia.

Cerca de 400 asociados, incluyendo un numeroso y entusiasta grupo de damas, se congregó en torno a las bien provistas mesas.

Para referirse al acto en sí y su significado, hicieron uso de la palabra los señores: José F. Alegre, Cándido Rey y Antonio Rodiño, quienes llevaron la representación de la Sub-Comisión de Finanzas y Comisión Directiva.

A pedido de los presentes hablaron en representación del Centro Orensano, el señor contador de su C. Directiva, señor Alonso; el vicepresidente del Centro Pontevedrés, señor Eugenio García; el ex-presidente Manuel Pazos; el señor Benito Cupeiro, en representación del Centro Provincial Coruñés y el señor Manuel Puente, distinguida personalidad de la colectividad gallega en Buenos Aires.

Cerró el acto el presidente del Centro, don José B. Iglesias, agradeciendo la presencia de los amigos presentes y de los asociados, como así también la entusiasta y decidida colaboración que la Comisión recibe para el mejor cumplimiento de su misión. De un modo especial recalcó que nuestra Institución tiene el propósito de que su Casa se convierta en un verdadero Hogar Gallego.

La reunión se prolongó con la presencia de numerosos asociados y familiares y la actuación desinteresada de la Orquesta Harlen que gentilmente se prestó a animarla.

La Comisión Directiva, por intermedio de su Comisión de Prensa, quiere agradecer a todos los que han contribuido —de cualquier modo que haya sido— al franco éxito de esta fiesta; ya sea con su colaboración personal, en la organización, etc., y lo hace así en el deseo de no omitir ningún nombre, puesto que cada uno en su función, han sido igualmente útiles.

IVº aniversario del fallecimiento de Castelao

En horas de la tarde del día 7 de enero, se cumplió una emotiva ceremonia en nuestro Recreo social: PAZO GALEGO, en Olivos.

El presidente del Centro, en compañía de integrantes de la Comisión Directiva y de un calificado núcleo de asociados, procedió a colocar una hermosa palma de flores naturales, al pie de la estatua que inmortaliza en el bronce la personalidad insigne de Castelao.

Intereses de los títulos del Empréstito Interno año 1951

Se encuentran al cobro los intereses correspondientes al año 1953, devengados por los títulos del Empréstito interno emitido el año 1951.

Los poseedores de "bonos" de ese Empréstito podrán hacer efectivos los intereses en nuestra Secretaría, los días MARTES y JUEVES de 20 a 22 horas.

ASEGURESE
NON CORRA RISCOS
Asegurese en contra dos acidentes que poidan sucederlles as persoas que traballen por conta de vostede
ASEGURE A SUA VIDA
ASEGURE A SUA CASA
ASEGURE O SEU NEGOCIO
Chame por T. E. 97-9033
A. RIOS

1954-Carnaval-1954
"PAZO GALEGO" (Olivos)
Av. Lib. Gra. SAN MARTIN 1669
EL LUGAR MAS FAMILIAR DE LA RIVERA
¡8 EXTRAORDINARIOS BAILES 8!
de Disfraz y Fantasía
FEBRERO . 27 y 28.
MARZO 1, 2, 6, 7, 13 y 14
3 GRANDES ORQUESTAS
JAZZ "EMBASSY"
De actuación destacada en RADIO EL MUNDO
Canta: HILDA PARKER
Característica: "HARLEM"
CON SU RITMO MODERNO
y el Conjunto Regional
"Banda de Chantada"
Con su repertorio de animación y alegria
¡Ambiente de Sociabilidad y de Familia!
¡"Anfrodo" Pontevedres en el Pazo Galego!
¡CONCURRA CON SUS FAMILIARES Y AMIGOS!
¡A DIVERTIRSE!
¡MOMENTOS INOLVIDABLES QUE LE BRINDA EL CENTRO PONTEVEDRES EN SU RECREO SOCIAL "PAZO GALEGO" DE OLIVOS EN LOS EXTRAORDINARIOS BAILES DEL
¡CARNAVAL 1954!

Festas en el Pazo

Desde la iniciación de la actual temporada en el "Pazo Galego", se han ido sucediendo una serie de fiestas dominicales y algunas Verbenas que han contado con el más amplio auspicio de los asociados, numerosas familias pontevedresas y un importante número de invitados.

Nos place señalar que en estas reuniones reina un franco espíritu de camaradería y sano esparcimiento, dentro de las normas de la más estricta corrección y respeto mútuo.

En el éxito obtenido, no es pequeña la parte que le corresponde a nuestra magnífica Sub-Comisión de Fiestas, cuyos integrantes ponen en su tarea dedicación y esfuerzo, dignos de los más cálidos elogios.

Augurios

La Comisión Directiva del Centro Pontevedrés se complace en augurar a los socios del Centro, familiares y amigos, la mayor ventura personal en el presente año 1954 que se inicia.

Al mismo tiempo, se hace un grato deber, de expresar su sincero reconocimiento a los integrantes de las diferentes Sub-Comisiones y asociados en general, que han facilitado su labor, con la entusiasta y decidida cooperación que le han dispensado.

DISFRUTE DE ETERNA PRIMAVERA VISITANDO CORDOBA... Y EN EL CORAZON DE LAS SIERRAS
"HOTEL SANTA ROSA"
de JOSE VERGARA
le brinda el mayor confort, en sus vacaciones
- Cocina española de primer orden
- Departamentos y habitaciones con baño privado.
- Amplios y confortables salones.
- Parque y jardines
- Juegos para niños y canchas de bochas
- Atendido por sus dueños
- A dos cuadras de la Estación y los micros

10 % de descuento a los socios de los Centros Orensano y Pontevedrés
VALLE HERMOSO T. E. 159

PAPELES PARA ARTES GRAFICAS Y DE ENVOLVER EN GENERAL
CASA ITURRAT
SOCIEDAD ANONIMA COMERCIAL
Buenos Aires
ALSINA 2218-52 T. E. 47-0021

CENTRO PONTEVEDRES

Solicitada de la Comisión de Finanzas

ESTIMADO AMIGO CONSOCIO

La Comisión de Finanzas está abocada a la subscripción TOTAL DEL CUARTO EMPRESTITO INTERNO DE $ 300.000.— m|n., indispensables para permitir a la Comisión Directiva concretar la habilitación de nuestra propiedad de la calle SARANDI 847, con Salón, Buffet, etc., para su utilización por los asociados a la mayor brevedad.

Además, existe la posibilidad inmediata de la compra de los terrenos del "PAZO" que llamamos "de los alemanes", y que ocupamos a título precario, los cuales nos han sido ofrecidos en venta y cuya adquisición ha de permitir la ampliación y hermoseamiento definitivo de nuestro Recreo social.

Para ello, resulta absolutamente necesario cubrir la TOTALIDAD DE ESTE EMPRESTITO.

Esperamos una vez más, que los Pontevedreses den una nueva prueba del cariño y lealtad hacia el CENTRO que nos agrupa y que de este modo llegará a la meta que todos ambicionamos.

Estamos seguros de que con vuestra generosidad no desmentida, se ha de coronar con el mayor de los éxitos esta empresa que a todos nos corresponde por igual.

¡ESTA ES UNA CONSIGNA DE HONOR!

Haga llegar su aporte a Secretaría, o reclame nuestra presencia, telefónicamente o por carta a:

BELGRANO 2186 — T. E. 47 - 7064

p. la Comisión de Finanzas: **Cándido Rey**, presidente; **Manuel Casal**, tesorero; **Vicente Velasco**, secretario.

Suscriptores del 4º Empréstito Interno

La lista de suscriptores al CUARTO EMPRESTITO INTERNO, emitido por la suma de $ 300.000, es la siguiente, hasta el momento de entrar en máquina el presente número de OPINION GALLEGA.

Por una omisión involuntaria no han sido incluídos en las listas de suscriptores al Tercer Empréstito:

María S. Rosendo	$ 1.000	Eulogio Fernández	„ 1.000
Francisco Tato Fariña	„ 1.500	Juan Casalderrey	„ 1.000
		Teresa Gondar Durán	„ 5.000
Benito Campoy	„ 1.000	Clara M. Vda. de Alvarez	„ 1.000
Rogelio Piedras	„ 1.000	Manuel Fontela	„ 1.000
José M. Cancela	„ 1.000	Rosendo Cuadros	„ 200
Antonio González	„ 1.000	Serafín Otero	„ 500
Lidia P. de Rey	„ 5.000	Manuel Peón	„ 500
Antonio Pintos	„ 1.000	Sofía M. de Eiras	„ 3.000
Gonzalo González	„ 3.500	Manuel Rey Rodríguez	„ 5.000
Cesáreo Suárez	„ 2.000	Jorge D. García	„ 1.000
José Viiar	„ 1.000	Ramón Vázquez	„ 2.000
Juan Paz Villaverde	„ 1.000	Gonzalo Alén	„ 500
Oscar Lorenzo y Sra.	„ 1.000	Ramiro Pazos	„ 2.000
Ramón Dios	„ 1.000	Ovidio Vila Buceta	„ 2.000
Manuel Alvarez Pérez	„ 5.000	Ignacio Román	„ 1.000
José Benito Cañizo	„ 1.000	Olga M. de Ruibal	„ 1.000
Peregrino Buceta	„ 4.000	Antonio Ruibal (h)	„ 1.000
Camilo López	„ 1.000	Celso Argibay	„ 1.000
Victor Cacabelos	„ 2.000	Ramón Couñago	„ 500
Angel Couselo	„ 1.000	Daniel Rey	„ 500
M nuel Couselo	„ 1.000	Asunción P. de Parada	„ 8.000
Antonio Núñez	„ 1.000		
Manuela P. de Núñez	„ 1.000	Total	$ 74.200

Hasta el 30 de enero de 1953, la cantidad suscripta es de: $ 74.200.— M.N.

(Viene de la pág. 10)

Compromisos

El día 16 de enero tuvo lugar el compromiso matrimonial de los jóvenes Hilda Nidia Goenaga y Adolfo Oscar García.

Les hacemos llegar nuestros plácemes.

Casamientos

La señorita Teresa Inés García, sobrina de nuestro amigo y activo colaborador don Francisco Amieiro, ha contraído enlace con el joven Humberto Villanueva.

A la gentil pareja que se ausentó de la Capital, en viaje de luna de miel, le auguramos la mayor felicidad en su nuevo estado.

Vacaciones

Nuestro secretario general, don Cándido A. González, se halla nuevamente en su puesto de labor después de una temporada de descanso bien merecido por cierto, pasada cerca de la Capital, con su señora esposa, restablecida de una reciente dolencia.

—En uso de licencia se ausentó de la Capital, el señor Eugenio García, vicepresidente del Centro, en busca de reparador descanso.

—En viaje de vacaciones en Mar del Plata, nuestro asociado don Rogelio Arjones, para pasar una temporada de descanso en sus múltiples actividades dentro de la Colectividad.

Enfermos

El señor Benito Piñeiro, ex-presidente y activo miembro de la Sub-Comisión de Fiestas, en franco tren de mejoría de la dolencia que lo aqueja.

—El señor Eduardo Díaz, totalmente restablecido de la dolencia que lo mantuvo alejado durante un tiempo considerable de las actividades sociales.

—El señor Evaristo Peña, protesorero de la Sub-Comisión de Fiestas, continúa en tratamiento médico.

—El señor Arturo Parada, totalmente repuesto de la dolencia que motivara su internación en el Hospital Churruca.

—En el Hospital Rawson, se encuentra internado nuestro asociado señor José Martínez Noya.

—El señor Ramón Ramírez, antiguo asociado, ha sido sometido a una intervención quirúrgica en el Hospital Rawson.

—Totalmente restablecida, luego de una operación sufrida en el Sanatorio del Centro Gallego, se retiró a su domicilio la esposa de nuestro activo colaborador don Francisco Rodríguez.

—Nos alegra el total restablecimiento de nuestro amigo e incansable colaborador, especialmente en las obras efectuadas en nuestro Recreo social, don Manuel García Esperón, a quien una dolencia lo ha mantenido alejado de sus actividades habituales.

—En un Sanatorio particular, ha sido sometido a una intervención quirúrgica, con el mejor de los éxitos, nuestro antiguo asociado y caracterizado miembro de la colectividad gallega, don Benito Magdalena, quien, felizmente está en vías de completo y total restablecimiento.

—Nuestro directivo y amigo don Antonio Ruibal, se halla aquejado de una pertinaz dolencia que lo mantiene alejado transitoriamente de sus tareas.

Hacemos votos por el pronto y total restablecimiento de estos tan apreciables amigos.

5—

Fallecimientos

Sorpresivamente nos ha llegado la noticia del fallecimiento del infatigable luchador que dentro de la colectividad gallega, fué siempre don Pedro Campos Couceiro.

—Llegada en fecha reciente al país, ha fallecido inesperadamente la señora Celina F. de Lage, esposa de nuestro asociado don Salustiano Lage.

—El día 11 del ppdo. mes de diciembre, dejó de existir la señora Cecilia L. de Comesaña, esposa del señor Antonio Comesaña, ex-directivo del Centro Pontevedrés.

—El 16 del mismo mes, falleció la socia, señorita Rosario Peón, inscripta como tal, en los primeros momentos de nuestro Centro, puesto que estaba registrada con el número 228.

A todos sus familiares les expresamos nuestras más sinceras condolencias.

Títulos del Empréstito de $ 500.000.—

Proximamente la Comisión Directiva, hará llegar a los suscriptores del Tercer Empréstito Interno de $ 500.000, sus correspondientes Títulos, lo que no ha sido posible hacer hasta el momento por la necesidad de requerir la aprobación de la Inspección General de Justicia, la que ha de expedirse a breve plazo.

Informamos a los suscriptores de este Empréstito, que los intereses correspondientes se harán efectivos a partir del 1º de julio del corriente año 1954.

"PAZO GALEGO"
Av. del LIBERTADOR GRAL. SAN MARTIN 1669
EN OLIVOS
Extraordinaria VERBENA
EL 13 DE FEBRERO
DE 21,30 a 3,30 HORAS
CON LA ACTUACION DE 3 CELEBRADOS CONJUNTOS ORQUESTALES
"ACORDEONES CAPORALE"
JAZZ CARACTERISTICA TITO RIVEL'S
y COTTON CLUB
Con su cantante internacional JOSE CASSISI
De gran actuación en L. R. 4, Radio Spléndid

CAMISERIA
"ORIESAN"
Artículos de Calidad para Niños y Caballeros
BELGRANO 2126-34
T. E. 47 - 6444
BUENOS AIRES

"HERCULES"
EMPRESA CONSTRUCTORA
AMPLIACIONES — REFECCIONES — PLANOS APROBADOS.
CALCULOS — HORMIGON — TRAMITES MUNICIPALES Y BANCOS — FIRMA CAPITAL Y PROVINCIA
RICARDO SANDOVAL, ING. CIVIL — LUIS OLIVEIRA MERA, CONSTRUCTOR NACIONAL
SAN JOSE 755 T. E. 38-9669 BUENOS AIRES
MONTEAGUDO 168 — BERNAL

SASTRERIA
SOTO
PREFIERALA UD. PARA VESTIRSE
Confecciones finas ::: Otorgamos créditos
Sgo. DEL ESTERO 1669
T. E. 23, Buen Orden 6725

FABRICA DE PARAGUAS
"La Orensana"
CARLOS CALVO 1137 T. E. 23-3030

CLAUDIO FERNANDEZ
Agencia Central "DODGE"
AUTOMOVILES Y CAMIONES
660 MORENO 680 752 VICTORIA 760

LISTA Y SACO
SASTRERIA DE MEDIDA
Ahora también trajes y Sacos Sport semi-confeccionados.
Precios muy ventajosos
CORRIENTES 1762 T. E. 35-2522

CASA JUAN RICO
Soc. de Resp. Ltda. • Capital $ 4.000.000 M/N.
La más surtida de plaza y que más barato vende, toda clase de materiales para la construcción.
GRAN FABRICA DE PUERTAS Y VENTANAS. — Visiten nuestras exposiciones, ALVAREZ JONTE y Gral. J. G. DE ARTIGAS. - T.E. 59-0041

No.3438
Sr. Roberto Veloso
Yerbal 53
R.MEJIA FCNDFS

Opinión Gallega

Año VIII ★ Redacción: Belgrano 2186 ★ .Nº 147

FRANQUEO PAGADO
Concesión Nº 1010

"PILDORAS SANATIVAS" PRA QUENES SOFREN A MALADIA DE NON FALAR EN GALEGO

Por MOLIERE

Falar en galego por non saber falar castelán, é moi natural e polo tanto é moi honroso, posto que ningun galego ten a obriga de saber idiomas alleos.. Pero si que está obrigado a saber o idioma galego.

Hai unha chea de paisáns nosos que teñen vergoña de falar en galego, e non se decatan, ¡os probes!, que falan mal o castelán. ¡E con elo fán o máis risibel ridículo!

★ ★

O idioma galego é o maor honore e tamén o máis outo orgulo noso. N-él se teñen composto manífecas obras en verso e en prosa, que teñen sobresainte categoría na literatura universal.

Quénes son nemigos do idioma galego? O son:

1º.- Os señoritingos galegos treidores a Galiza.

2º- Os galegos analfabetos que saben lér e escribir, porque son verdadeiros burricans. Os galegos integralmente analfabetos, —condición da que non son culpabeis—, teñen sempre un senso inxénito de apego e amore a tudol-o seu, que lles fai comportarense con lealtade e con decoro.

¡Endexamáis cometen as treidurías dos señoritingos nin as burradas dos analfabetos que saben lér e escribir...!

★ ★

O idioma galego ten raíces tan fondas e vitalidade tan forte, que catro centos anos de afogamento, de telo aprastado e de telo desbotado das escolas e dos centros oficiaes, non foron de abondo pra o mataren E hoxe revive con máis forza que endexamáis.

Si sabedes de un Segredario de sociedá galega, que se opón a que se escriban as cartas no noso idioma, tende por certo que o tal probe home non é capaz de escribir unha carta con boa sintaxis e ortografía casteláns.

¡E senón sometédeo a proba!

★ ★

O idoma galego serviu pra que nil escribise o Rei Sabio suas Cantigas, Rosalía seus poemas e Castelao os lumiosos pés de seus dibuxos, todo o cal ven sendo estudado e admirado nos círculos inteleituaes de tudo o mundo.

Cando vexades a un galego de "cuello y corbata" que adoita non falar en galego, téndelle lastima... ¡pois é un probe de esprito, é un burricán disfrazado de "homo urbanus"!

★ ★

O idioma galego é a ferramento coa que ten de traballarse o erguemento cultural do noso pobo.

O señoritingo galego que non sinte amore pola fala de sua nai, tende por certo que é un esventurado de por vida. ¡O probe home houber preferido nascer en Wall Street e tense que amolar con sere galego deica morrer!

★ ★

O idioma galego é a chave milagreira que lle abrirá ao noso pobo as douradas portas da sua redenzón.

Quen sendo nascido en Galiza se nega a falar no idioma galego, tende por certo que sua nai cometeu un grave erro o non habere ido a parilo nas Hurdes.

DIXO O POETA DA RAZA:

"A lingoa é o noso escudo. Ninguén, seia a que seia a forza asoballante en que se encoste eo poder de que dispoña, conquerirá trocar a espiritualidade d-un pobo nin afogar a sua fala, que é o roteiro da eternidade."

(R. Cabanillas)

AUDICION RADIAL "LA VOZ DE GALICIA"

El el año que termina ha consolidado su prestigio la audición radial "La Voz de Galicia" que, bajo la dirección del destacado y popular artista Fernando Iglesias ("Tacholas") se propala por la importante emisora L. R. 9, Radio Antártida, todos los lunes y jueves a las 21 horas.

Sus excelentes programas y el tono de jerarquía que la caracterizan, la han convertido en la audición que afanosamente espera y escucha la mayoría de los 400 mil integrantes de la colectividad gallega de Buenos Aires.

Por su micrófono desfilan habitualmente excelentes coros típicos gallegos, el conjunto de acordeones de los Hermanos Moreiras, cantantes destacados como Domingo Caamaño y el conjunto de gaiteiros de Sixto. En su buena selección de discos han figurado, como primicia en Buenos Aires, los grabados por el eminente folklorista orensano Faustino Santalices, con su clásica zanfona que constituye una nota artística de gran jerarquía. Su director, con "Cousas de Tacholas" humorísticas unas veces y de divulgación cultura gallega otras, realiza plausible labor.

Cuenta también esta Audición con un excelente locutor comercial, el señor José Carreira, que se distingue por su clara y agradable voz; y con un destacado técnico de sonidos el señor Agustín Citelli. Ambos contribuyen a hacer la audición particularmente agradable.

Vayan al director señor Fernando Iglesias, nuestras cálidas felicitaciones por la destacada labor patriótica gallega que realiza desde su audición radial "La Voz de Galicia".

OPINION GALLEGA
Dirección y Redacción
BELGRANO 2186 T.E. 47-7064

UN ANO MAIS

OPINION GALLEGA cumpriu, no derradeiro novembro, un ano máis de vida. Elo é coma dicir: un ano máis de loita rexa, levada con afervoamento a prol dos outos ideaes que costituien a razón esencial de ista pubricazón: galeguismo, democracia e republicanismo federal.

Co pulo da ilusión dises ideaes, saiu a rua, no novembro de 1944, "El Orensano", periódico que, no mesmo mes de ano seguinte, trocou seu nome polo que hoxe loce: OPINION GALLEGA. Temos, pois, cumpridos en realidade nove anos de cisistencia, o longo dos cales mantivemos sen acouso e sen desfalecimentos, os devantidos postulados e tivemos sempre ben ergueita a sagra bandeira azur e branca da nosa patria: ¡Galiza! Pola mesma roita, sen esviación algunha, seguiremos camiñando e loitando, calisquera sexan as solpresas que nos traia o Destiño. Galiza e sua liberdade, son vaores eternos que pode a forza bruta manter aferrollados, mais que endexamáis á poder matar. Daí a ledicia ea fe que non lan compaña inseparabel no noso camiñar e loitar.

Niste novo aniversario, lembramos e saudamos con agarimo a quen foi fundador e primeiro direitor de istas páxinas, o varil mozo arxentino Enrique González que se deu xenerosamente en corpo e alma a causa da patria de seus pais: Galiza.

OPINION GALLEGA fai chegar, xunto cos millores agoiros de Aninovo, moi cordiaes saudos a seus leitores ea tudolos patriotas galegos do mundo

A FALA

Por Eduardo Pondal

Nobre e armoniosa
Fala de Breogán,
Fala boa, de forte
E grandes sin rival;
Ti do celta aos ouvidos
Sempre soando estás,
Como soan os pinos
Na costa de Froxan;
Ti nos eidos da Celtia
E có tempo serás
Un lábaro sagrado
Que ao trunfo guiará,
Fala nobre, armoniosa
¡Fala de Breogán!

Tí, sinal misterioso
Dos teus fillos serás
Que pol-o mundo dispersos
E sin abrigo van;
E á aqueles que foran
N-unha pasada edá
Defensores dos eidos
Contra o duro román
E que ainda cobizan
Da terra a libertá,
N-un pobo nobre e forte
Valente, axuntarás
¡Oh! fala armoniosa.
Fala de Breogán.

Serás épica tuba
E forte sin rival
Que chamarás os fillos
Que aló do Miño están,
Os bós fillos do Luso,
Apartados irmans
De nos por un destino
Envejoso e fatal.
Cós robusto acentos
Grandes os chamarás
¡Verbo do gran Camoens,
Fala de Breogán!

Na door da sua morte

Ramón Villar Ponte

Il era un dos crásicos "bos y xenerosos" que viviron en permañente garda e en rixo loitar a pro da Galiza eterna. Vivir e soñar, loitar e sofrir, sen repouso, pola Terra sagra. Forte penedia onde batian espiedadamentes os trebóns da adeversidade! A adeversidade da Patria ea adeversidade persoal. E seu peito de patriota galego e de home, decote en indomeñabre lirmedume. ¡Outo e lumioso exempro de carauter e de leialtade a Nai Galiza! Nin as persecucions dos sicarios ao servizo de Madrí, nin as desilusions, nin as estreitezas economicas, nin sua tristeira doenza fisica nin a feroce tromenta de crimens, de fusilamentos e de torturas que desatou riba do corpo e da ialma de patria galega o falanxismo hespañol, nin a friaxe da témera longa noite que o arroideou donde o marfadado ano de 1936 ate o derradeiro intre de seu vivir, conqueriron domear a rexedume da sua moral galeguista. Outros con máis forzas pra resistir, bandearonse; e outros con mais obrigas cara o ideial galeguista, — pola condizon de esgrevios teorizantes da dontriña e de lideres da causa—, esviádonse e treizoaron. Il sempre, ¡sempre!, ea protesta nos beizos, so ideial na pruma, ea honradeza no espritu e nos feitos, coa fronte ergueita, co peito cheo de patria galega. "¿Que mais dino e exemprar vivir?

Seu pensamento e sua leialtade galeguistas ilearan decote alumeando nos seus artigos, nas suas obras "Historia Sintética de Galiza", "Doutrina Nacionalista' e "O Sentimento Nacionalista eo Internacionalismo" e no discurso de ingreso a Academia Galega no que fixo a eiséxisis do movimento ideoloxico e cultural patriótico desenroiado en Galiza dende a creazón das Irmandades da Fala en 1916. Sua derradeira obra pubricada, "Dias, Feitos e Homes da Academia Galega", é tamén unha amosa do seu permañente latexar de patriota galega. Deixa inédita outra meritoria obra: unha biografia do esgrevio vivariense Nicomedes Pastor Diaz. Tamén viña traballando dende tempo nunha biografia moi compreta do groriosо Murguia. Encol deio tiñanos escrito o seguinte: "Veño traballando rexamente nunha biografia de gran galego D. Manuel Murguia. Teño un arsenal de datos descoñecidos e de gran valia, que ninguén tivo ainda a sua disposición, que levados ao libro, lle darán un interés superior a toda ponderación, tales son de relevantes e sinificativos A cousa non vai coa presa qu'eu quixera porque outros trafegos do dificultoso vivir cotián o non permiten. Xa levo feitas un bon numero de coartelas en galego". Terá de saberese se chegou a romate tan intresante traballo, cuia necesidade no cadro da cultura galega é ben manifesta. E senón, alguén deberá compretalo, aproveitando o material que il tiña recollido e acubuiado. E logo, por quen seña, a cumprir ea obriga patriótica de pubricar isas duas obras inéditas, salvándoos pra o vindeiro, isto a sere o millor homenaxe que os patriotas galegos lle podemos faguer a quen tanto loitou e sofreu por Galiza.

Os Villar Ponte, —Antón e Ramon— mamaron o bon leite daquilas Irmandades da Fala, da Cruña, que foron nais nutricias da groriosa renascencia galeguista que caliou na inmorrente figura do guieiro Castelao. Un e outro, —Antón e Ramón—, queimaron suas vidas no servizo desa renascencia do sentimento e da ación patriótica galega. Os dous, xa son eiros, limpos, belidos paradigmas as xuventudes de hoxe e de mañán da sua Cruña, que tan longa e rexa tradizón ten de baluarte das libertades.

Pedro Campos Couceiro

Garimosamente o chamabamos Don Pedro. Era a figura petrucial do galeguismo en Bos Ares. Era asemade a figura consular da nosa coleitividade

Reuta i exemprar... su vida. Vida de traballo a prol dun fogar honorabel, e vida de afervoada adicación a un outo e lumioso ideial: a lonxana patria galega. Longa loita polo bón nome, polos direitos e pola liberdade da nazón galega, ao traveso de 58 anos de emigración, levada a cabo nas sociedás de Forcarey e da Estrada, na Federación de Sociedades Gallegas, na Pondal, na Proteitora da Residencia Universitaria de Compostela, nas Agrupaciós do Centro Gallego, na ORGA, no Grupo Galeguista, na Irmandade Galega; e tamén nas páxinas de pubricaciós galegas e nas nosas tribúas. Loita rexa permañente e sen desmaios, na fogasce da sua mocedade, na firmedume da sua madureza e na serenidade da sua nobre vellez. Cando mozo, aituaba coa seriedade eo bón senso dun home xa feito; e cando vello, aituaba co afervoamento eo debecer da mocedade. O fogo do máis enxebre patriotismo galego, a quentar sempre seu curazón ea alcender a cotio seu espritu. Cando outros nos anos mozos, inda sentindo o chamado da Nai Galiza, ían de troulas, il acodia as segredarías das entidás galegas a traballar pola causa da patria; e cando tantos e tantos, con menos anos ca il, arredábanse da loita por sentirense cansos, il inda se mantiña con folgos na trinchcira da Irmandade Galega. ¡E daba xenio velo acodir a todolos chamados, pontoal, ledo e garrido; o mismo nas sobrnas noites de vrán que nas áspras e chuvosas do inverno! Xa era proverbial o decir: "¡Don Pedro non falla!

Don Pedro Campos Couceiro era a lealtade viva e rexa pra sua patria galega. ¡Qué millor brasón, que máis outo méreto, qué máis cumprido eloxio!

A Nai Galiza, polo intermedio dos galeguistas, ia a darlle a tan bón e xeneroso fillo o bico dun grandeiro homenaxe púbrico, cando o Destiño había mareado pra il a derradeira hora. Ten, en troques, o homenaxe afervoado da admirazón e do agarimo de tudolos patriotas galegos, e boa lembranza de cantos o conóscceron.

R. P.